

LA LÍN

1990 2024

O MUNICIPALISMO NO CAMBIO DE MILENIO

LA
1990 2024
LÍN

O MUNICIPALISMO NO CAMBIO DE MILENIO

C

o

a

n


o

m i r a d a

futuro



Coa mirada no futuro



É evidente que Lalín se transformou completamente nas últimas décadas.

Se unha das familias que se viron na obriga de abandonar o noso pobo para buscar a prosperidade, xunto cos milleiros de galegos e galegas emigradas na segunda metade do século XX, volvese hoxe a Lalín, atoparía unha comunidade ben distinta. Descubriría un Lalín moderno, con novas rúas e infraestruturas, con novos espazos de lecer, con novas empresas e negocios e cun enorme patrimonio histórico, material e inmaterial, recuperado e posto en valor.

Pero, dalgunha maneira, tamén é certo que Lalín non mudou tanto. Explícome. Estou seguro de que a esta familia non lle custaría moito recoñecer, neste Lalín de hoxe, aspectos chave da súa identidade que conservamos e potenciamos ao longo do tempo: o respecto pola Galicia do interior e a defensa dunha vida no rural cos mesmos dereitos e oportunidades que en calquera outro lugar, valores que seguen sendo parte da nosa idiosincrasia.

Nas últimas décadas, con cambio de milenio incluído, Lalín avanzou coa certeza de que a Galicia do interior ten porvir. Desde unha fonda convicción municipalista, déronse pasos firmes que permitiron o crecemento do concello identificando e potenciando as súas particularidades, artelláronse as ferramentas necesarias para implantar un desenvolvemento sostible e traballouse arreo na consecución dos apoios políticos e do financiamento necesarios para facer realidade cada un dos proxectos postos en marcha. Fitos como a construción do Polígono Lalín 2000 e do Lalín Arena, a aprobación do PXOM en 1999, ou a Axenda Urbana foron determinantes para construír o presente e sentar as bases do Lalín do futuro, tanto na súa contorna urbana como nas 52 parroquias e nas súas máis de 300 aldeas.

Neste proxecto iniciado hai máis de 30 anos, soubemos implicar ás persoas axeitadas en cada momento. Foi unha honra colaborar nos diferentes equipos de goberno para alcanzar os obxectivos fixados en cada etapa. Nunca estarei o suficientemente agradecido a todos eles, e a cada un dos veciños, por ter axudado a chegar ata aquí.

As páxinas deste libro serven de testemuño da construción dun municipio que segue dando pasos adiante, adaptándose e mudando na procura dun futuro de benestar e prosperidade sen perder a súa esencia. O Lalín que hoxe é unha realidade foi no seu día só un soño, pero estou seguro de que esa foi, sen dúbida, a mellor maneira de comezar.

Por iso, agora máis que nunca, continuamos a soñar sen despegar os pés do chan.

José Crespo Iglesias
Alcalde de Lalín



José Crespo Iglesias, ano 1991
Fonte: Arquivo dixitalizado Faro de Vigo

José Crespo Iglesias

Desde os seus primeiros pasos no Seminario de Lugo, onde cursou o bacharelato, ata converterse nunha figura clave na política galega, a súa traxectoria é un testemuño de compromiso e dedicación á súa terra.

Os seus inicios na Universidade de Santiago, onde comezou estudos de Filoloxía, foron só o preludio dunha vida que atoparía cedo o seu verdadeiro camiño no servizo á comunidade. Foi na súa parroquia natal de Xaxán onde deu os seus primeiros pasos na política como alcalde de barrio, nunha experiencia que marcaría o rumbo da súa vida. A súa paixón polo desenvolvemento rural levouno a ser socio fundador e primeiro presidente da cooperativa agraria Aproveza. Este compromiso co campo galego sería unha constante ao longo da súa carreira, entendendo as necesidades e aspiracións dos seus veciños.

O ano 1990 marcou un antes e un despois na súa vida, ao acceder á Alcaldía de Lalín. Coincidindo coa chegada de Manuel Fraga á Xunta de Galicia, comezou unha etapa de crecemento e transformación para o seu concello. A confianza depositada pola veciñanza de Lalín quedou patente en tódalas eleccións locais celebradas ata a actualidade. A candidatura de José Crespo foi sempre a máis votada e, agás no 2015, alcanzou maiorías absolutas que lle permitiron desenvolver o seu proxecto para o municipio.

Ao longo dos anos, a súa influencia estendeuse máis aló dos límites de Lalín e da comarca. Fíxoo como vicepresidente da Deputación de Pontevedra, entre os anos 1991 e 1995 e de 1999 a 2015; como presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) entre o 2003 e o 2007 e como vicepresidente do Consello Territorial da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) no 2005.

A súa carreira política levouno a asumir responsabilidades cada vez maiores, desde coordinar campañas electorais ata ocupar cargos de relevancia na estrutura do Partido Popular en Galicia. A confianza depositada nel polos seus compañeiros reflicte o seu compromiso e capacidade de liderado. A súa etapa como senador por Pontevedra permitiulle levar as preocupacións e aspiracións de Galicia ao nivel nacional. Durante o seu período como senador, entre o 2016 e o 2019, foi nomeado presidente da Comisión de Fomento no Senado, traballando por mellorar as infraestruturas e o desenvolvemento da súa terra.


En maio de 2019, foi reelixido alcalde de Lalín con maioría absoluta ao acadar 11 dos 21 concelleiros. José Crespo volveu ao cargo cunha ilusión renovada, respaldado pola confianza da súa veciñanza. En maio de 2023 foi reelixido novamente por maioría absoluta con 12 dos 21 concelleiros e tras as Eleccións Xerais do 23 de xullo dese mesmo ano, conseguiu novamente a súa acta de senador na XV lexislatura.

A súa vida é unha historia de amor por Lalín, de compromiso co rural e de entrega ao servizo público. A súa traxectoria é un exemplo de dedicación á política local e un testemuño do impacto positivo que un líder comprometido pode ter na súa comunidade. José Crespo, sen dúbida, deixará unha pegada indeleble na historia da súa vila e da súa terra.



ORAL





O MUNICIPALISMO NO CAMBIO DE MILENIO

Hai máis de 30 anos iniciouse un proxecto transformador en Lalín. Un proxecto vivo, un proxecto para o pobo que puxo en marcha unha fonda transformación e desenvolvemento deste municipio histórico, situándoo no mapa ata convertelo nun pobo de interior próspero e dinámico, epicentro de Galicia. Un proxecto con amplas miras, no que aínda queda moito por descubrir.

O crecemento dunha localidade é un proceso complexo que depende de múltiples factores internos e externos. Nas vindeiras páxinas reviviremos a transformación dun municipio que viu crecer a xeracións que souberon mirar cara ao futuro, sen esquecer as súas raíces.

Este libro é, por tanto, un canto á súa evolución, unha viaxe a través do tempo no que repasaremos, dun xeito cronolóxico, os fitos chave cos que se logrou un importante crecemento demográfico, económico e social do Concello de Lalín: todas as infraestruturas, construcións, eventos sociais e culturais, espazos naturais, festas patronais,...

Grazas á veciñanza de Lalín que durante máis de tres décadas construíu unha realidade froito da confianza, do esforzo e do traballo. Un proceso transformador baseado no municipalismo, con grandes proxectos que tiñan un obxectivo común: o benestar e a prosperidade de Lalín.

LA
1990 LÍN 2024

O MUNICIPALISMO NO CAMBIO DE MILENIO

Páx. 15

1990

1999

O inicio dunha
nova era

Páx. 49

2000

2009

O cambio
de milenio




Páx. 97

2010

2019

Unha década
de desafíos



Páx. 151

2020

2023

Anos
de crecemento
e resiliencia



Páx. 189

2024...









Adiantando
o futuro

1990

1999

O inicio dunha
nova era





1990

1999

O inicio dunha nova era

Do mesmo xeito que as estacións, as décadas teñen o seu propio ciclo. Os anos 90, en España, e por conseguinte en Galicia, foron un claro exemplo disto


Marcada pola integración na Unión Europea no ano 1986 e pola caída do Muro de Berlín no 1989, esta década supuxo un período de profundas transformacións que sentaron as bases da España e da Galicia contemporánea. Este período estivo marcado pola adaptación da aínda recién consolidada democracia española a uns estándares europeos que impulsaron a modernización da economía.

Os Xogos Olímpicos de Barcelona '92 e a Expo de Sevilla '92 actuaron como catalizadores deste cambio, proxectando ante o mundo unha imaxe moderna e dinámica de España. Estes eventos de repercusión mundial impulsaron o investimento en infraestruturas, fomentaron o turismo e serviron como escaparate para amosar os avances en diversos ámbitos, reforzando a autoestima do país.

Que sucedía por aquel entón en Lalín?

Mentres o resto de España vivía un período de grandes transformacións, en Lalín tamén se estaban xestando importantes cambios.

A década dos 90 marcou o inicio dun novo ciclo para o municipio, caracterizado por un forte impulso cara á modernización e o desenvolvemento. Un período onde o investimento en infraestruturas e a promoción da arte, a cultura e a gastronomía contribuíron a mellorar significativamente a calidade de vida dos seus habitantes.





Investidura de José Crespo no ano 1990

mil novecentos noventa

OS PRIMEIROS PASOS

José Crespo, o alcalde máis novo de Galicia

En 1990 Lalín experimentou un cambio significativo no seu panorama político. Tras a toma de posesión de Manuel Fraga como presidente da Xunta de Galicia, Xosé Cuiña, daquela alcalde de Lalín e presidente da Deputación Provincial, asumiu a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a máis importante da Xunta naquel momento. Esta mudanza abriu paso a unha nova etapa para o Concello de Lalín.

Tras a renuncia de Cuiña, José Crespo Iglesias, por aquel entón tenente de alcalde de Lalín, foi nomeado alcalde converténdose aos 30 anos no rexedor máis novo de Galicia.

Este feito marcou un fito na historia política local, que coincidiu no tempo cun punto de inflexión no sector gandeiro, un dos eixos económicos fundamentais de Lalín e Galicia.



I Feira de Gando Saneado – Feiradeza

O 17 de febreiro deste mesmo ano, **coincidindo coa XXII Feira do Cocido, celebrouse** en Lalín a primeira edición de Feiradeza, **a I Feira de Gando Saneado**. Organizada polo Concello de Lalín, co patrocinio da Deputación e a Xunta, este evento supuxo un antes e un despois no sector gandeiro galego, centrándose na saúde animal e na seguridade alimentaria. Nas edicións posteriores, Feiradeza consolidouse como un evento independente, celebrándose fóra das datas da Feira do Cocido. A día de hoxe continúa sendo un referente no sector, chegando a súa trixésima novena edición en 2024.

mil novecentos noventa e un

UN ANO DE COMEZOS

O ano 1991 trouxo consigo importantes recoñecementos e avances para Lalín

O 3 de maio de 1991 **Wenceslao Calvo Garra**, destacado médico e científico galego, é nomeado **Fillo Predilecto de Lalín**; un recoñecemento á súa brillante traxectoria profesional e á súa estreita vinculación coa súa localidade natal.



Nomeamento de Calvo Garra como Fillo Predilecto



Inauguración do Auditorio Municipal



Inauguración do Auditorio Municipal



Inauguración do Pavillón de Prado

O crecemento cultural e deportivo do concello comezaba a facerse evidente

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, inaugúrase o **Auditorio Municipal**, anexo ao edificio dedicado ao conservatorio e o 18 de maio, apenas un día despois, inaugúrase o **Pavillón de Prado**, ampliando así as infraestruturas deportivas e culturais do municipio.

O 26 de maio de 1991 celébranse as **primeiras eleccións con José Crespo como candidato a Alcaldía**. O novo alcalde obtivo o mellor resultado dunhas eleccións municipais en democracia, ao acadar 17 dos 21 concelleiros. Unha mostra clara do apoio da veciñanza que sería un respaldo esencial no futuro.



Toma de posesión de José Crespo no ano 1991. Fonte: Arquivo dixitalizado Faro de Vigo



Primeira asemblea xeral da AEDEZA, ano 1993

mil novecentos noventa e dous

SEMENTANDO O FUTURO

Comeza a xestarse a AEDEZA

O ano 1992 marcou o inicio dun proxecto que tería un impacto duradeiro no tecido empresarial da comarca. **O 20 de novembro de 1992 comeza a xestarse a Asociación de Empresarios do Deza (AEDEZA)**. Unha organización independente sen ánimo de lucro, que tiña o principal cometido de defender os intereses conxuntos dos seus asociados, empresas e autónomos da Comarca de Deza e dos municipios da súa contorna.

Esta iniciativa forxarase durante o ano 1992 e consolidarase formalmente no 1993, sentando as bases da que se convertería nun pilar fundamental para o desenvolvemento económico da zona.

Os empresarios fundadores foron: Ángel Fernández Presas, José Vázquez Diéguez, José Blanco Fernández, Ernesto García Rilova, José Ramón González López, Florentino Cacheda López, Andrés Otero Vázquez, Natalio García Carral, Antonio Framiñán Taboada, César Sánchez González e José Manuel Montoto Rodríguez.



Fidel Castro recibe a José Crespo na súa visita a Cuba

José Crespo en representación dos máis de 15 alcaldes do PP, visitou Cuba co principal obxectivo de estreitar lazos coa comunidade galega residente na illa. Unha viaxe moi frutífera na que tamén visitaron escolas, hospitais e as asociacións de emigrantes “Fillos de Lalín” e “Fillos de A Golada”.

No eido cultural, o 29 de decembro de 1992 celebrouse a **presentación da I Bienal Laxeiro** no Museo Municipal de Lalín “Ramón M^a Aller”, **coa publicación do libro “O Deza: unha definición da Arte Actual”** e unha exposición que reuniu a destacados artistas como Manuel Colmeiro, Laxeiro, Vidal Payo, Elena Colmeiro, Alfonso Sucasas, Antón Lamazares, Francisco Lareo, Damián Payo “Paio”, Guillermo Aymerich, Armindo Salgueiro, Antonio Taboada “Wily” e Couto Codeseira.

Na presentación daquela primeira edición interviñeron figuras relevantes da política e a cultura galegas: o alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias; os conselleiros de Política Territorial e Cultura, Xosé Cuiña e Daniel Barata; o presidente da Deputación de Pontevedra, César Mera; a directora xeral de Cultura, Paz Lamela Vilariño; e o concelleiro de Cultura, Manuel Gómez Estévez.



Primeira Bienal Laxeiro

A Bienal Laxeiro naceu coa vocación de ser moito máis que unha exposición de arte. Desde o seu inicio, configurouse como un evento de referencia para artistas, institucións e para o público en xeral, marcando un antes e un despois no panorama artístico galego ao converterse nunha plataforma fundamental para a promoción da arte contemporánea en Galicia. A petición expresa de Laxeiro, que consideraba que novembro era un mes moi frío, en edicións posteriores decidiuse trasladar a celebración da Bienal a maio.

mil novecentos noventa e tres

ENTRE CELEBRACIÓNS
E NOVOS HORIZONTES



José Crespo e Laxeiro conversando na presentación da XXV Feira do Cocido

25 aniversario da Feira do Cocido

Lalín celebrou no ano 1993 o 25 aniversario da Feira do Cocido. Esta festa gastronómica, xa consolidada como unha das principais de Galicia, contou **co pregón de Xosé Cuiña e cun cartel deseñado polo célebre pintor Laxeiro.**

Este mesmo ano, Lalín deu un paso importante cara á súa proxección internacional ao establecer un **irmandamento con Lalinde**, en Francia, creando unha ponte entre culturas que enriqueceu o patrimonio de ambas vilas.



Palco de autoridades no desfile das vodas de prata do Cocido



José Crespo e Laxeiro conversando na presentación da XXV Feira do Cocido

Agosto trouxo consigo a **primeira Romaría Interxeracional de Barcia**, un evento que honraba aos cidadáns máis lonxevos e aos emigrantes. Unha xornada onde se realizan diferentes actos populares, de encontro e confraternidade entre as persoas maiores e os emigrantes e que segue a celebrarse na actualidade.



Primeira Romaría Interxeracional de Barcia

O Polígono Industrial Lalín 2000, unha realidade

Setembro de 1993 foi un mes histórico para Lalín **marcado pola inauguración da nova estación de autobuses**, equipada con cafetería, restaurante, galería comercial, xardíns e heliporto, **e pola posta en marcha do Polígono Industrial Lalín 2000**, actos nos que estiveron presentes destacadas personalidades políticas. Dous fitos que supuxeron un antes e un despois para a localidade. Impulsaron o desenvolvemento económico, melloraron a mobilidade e xeraron emprego, consolidando a Lalín como un importante centro económico de Galicia.



Xosé Cuiña na inauguración do Polígono Lalín 2000



Vista aérea do Polígono Lalin 2000 no ano 1993



José Crespo na inauguración do Polígono Lalin 2000



Un dos actos enmarcados na inauguración do Polígono Lalin 2000



Constitución dos Premios de Gastronomía de Galicia

mil novecentos noventa e catro

UNHA APOSTA POLO COCIDO E A GASTRONOMÍA

Un paso adiante na promoción da gastronomía de Lalín

En 1994 Lalín deu un paso adiante na promoción da súa gastronomía. En vésperas da XXVI edición da Feira do Cocido, o Concello de Lalín, xunto cos Amigos da Cociña Galega, a Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia e a Televisión de Galicia asinan un convenio para constituír os **Premios da Gastronomía de Galicia**. Ao mesmo tempo convocábase un **certame periodístico sobre temas de gastronomía galega** repartindo 850.000 pesetas entre os tres primeiros premios.

A iniciativa destes premios, que levarían o nome do escritor, gastrónomo e primeiro pregoeiro da Feira do Cocido, Álvaro Cunqueiro, xurdiu en 1993 con motivo da celebración das vodas de prata da Feira do Cocido e serían outorgados, por primeira vez, co gallo da Feira do Cocido en 1995.



Campaña "50.000 árbores máis". Carballreira de Barcia

Este mesmo ano, en novembro, o Concello de Lalín demostrou o seu compromiso co medio ambiente lanzando a **campaña "50.000 árbores máis"**, unha iniciativa de reforestación que segue vixente ata hoxe e que busca sensibilizar á cidadanía sobre a importancia de combater o cambio climático, involucrando aos veciños na plantación de novas árbores ano tras ano.

mil novecentos noventa e cinco

LALÍN É PROTAGONISTA

I Gala da Gastronomía de Galicia

O ano 1995 trouxo consigo a celebración da I Gala da Gastronomía de Galicia. **Un evento retransmitido en directo pola TVG, no que se fixeron entrega dos premios Álvaro Cunqueiro**, costume que sentou precedente para futuras edicións.

O pregón da Feira do Cocido deste ano correu a cargo do periodista radiofónico Luis del Olmo, quen o 17 de febreiro, emitía o seu programa **“Protagonistas” de Onda Cero, en directo dende o Auditorio de Lalín**, nunha xornada que converteu a capital do Deza na capital da radiodifusión española.



José Crespo na I Gala da Gastronomía de Galicia



José Crespo toma posesión iniciando o seu segundo mandato. Fonte: Bernabé



Equipo de goberno do 2015. Fonte: Bernabé

Crespo inicia o seu segundo mandato

As **eleccións** municipais dese ano, celebradas en maio, **déronlle a Crespo Iglesias o seu segundo mandato** cunha ampla maioría **ao obter 16 concelleiros**.



I Gala da Gastronomía de Galicia



Protagonistas de Onda Cero retransmitido en directo desde o Auditorio de Lalín

En setembro Lalín rendeu unha **emotiva homenaxe a Joaquín Loriga Taboada**, un dos seus fillos ilustres e referente da aviación española, con motivo do centenario do seu nacemento. A xornada tivo como acto principal unha ofrenda diante do monumento ao aviador lalinense realizada polo alcalde e o coronel do exército do aire Wenceslao Farias Díaz-Noriega no intre en que varios aeroplanos sobrevoaban o municipio e unha avioneta deixaba caer unha chuvia de flores.

A actuación da Banda de Lalín, unha conferencia no museo, unha exposición dedicada ao aviador, a visita ao Pazo de Liñares e ao panteón de Losón puxeron broche a esta xornada.



Homenaxe a Loriga 23 de setembro de 1995

mil novecentos noventa e seis

UN MUNICIPIO CADA VEZ MÁIS ACOLLEDOR



Inicio das obras da segunda fase do Paseo do Pontiñas

A mellora e humanización de Lalín foron obxectivos permanentes durante máis de trinta anos. Este proceso intensificouse dun xeito singular a partir da segunda metade da década dos noventa

Este ano, comezaron as obras da **segunda fase do Paseo do Pontiñas, inaugurouse a EDAR** (Estación Depuradora de Augas Residuais) e **iniciouse a construción da Gardería Municipal do Pontiñas**, que sería inaugurada no 1997 polo presidente da Xunta. **Iniciáronse as obras das piscinas e leváronse a cabo numerosas melloras en espazos públicos**, como a reforma da Praza de Abastos e a humanización das principais rúas e prazas do centro urbano.



Inauguración da EDAR

A transformación do centro do municipio comezou a ser especialmente notable no 1996. Iniciouse a semipeonalización da Rúa Loriga e reformáronse outras rúas emblemáticas como a Principal, coa estatua dos cabalos de Oliveira, que se inauguraría no ano seguinte. Remodeláronse prazas como a do Concello, e rúas como Matemático Rodríguez, Buenos Aires, Ramón Aller e a do Observatorio entre outras, e o centro urbano enriqueceuse con novas esculturas, como a "Venus de Deza" de Acisclo Manzano na rotonda da Avenida de Madrid. Estas transformacións marcaron o inicio dun Lalín cada vez máis acolledor.



Primeiro Certame de Pintura e Escultura "Mestre Laxeiro". Ano 1997

O 21 de xullo de 1996 Lalín despediu con tristeza a Laxeiro, o seu Fillo Ilustre. En setembro instaurouse o **primeiro Certame de Pintura Escolar "Mestre Laxeiro"** en homenaxe ao seu legado artístico.



Enterro de Laxeiro



Paseo do Pontiñas

O ano 1997 estivo cheo de novidades con fitos e eventos que, por separado, deixaron unha pegada indeleble na vida da veciñanza de Lalín

O alcalde, acompañado por empresarios locais, **viaxou a Venezuela para expoñer a ampliación do Polígono Lalín 2000**, tras a invitación da “Hermandad Gallega de Ciudad Guayana”. A experiencia resultou ser moi frutífera, a nivel profesional e persoal. Crespo cualificou esta viaxe como efectiva e afectiva e destacou a importancia dos contactos establecidos con industriais galegos residentes no país para impulsar futuros investimentos en Lalín.

Este ano Crespo **tamén viaxou a Buenos Aires (Argentina) para ser homenaxeado polo Centro “Fillos de Lalín”** e para asistir a un acto no que tamén participou o alcalde de Melide.

Outra das novas máis soadas deste ano foi a **inauguración**, en setembro, **da primeira fase do Paseo Fluvial do Pontiñas**, un percorrido de máis de cinco quilómetros moi frecuentado polos lalinenses.



mil novecentos noventa e sete

AO RITMO DO DESENVOLVIMENTO

A arte tamén tivo o seu momento de gloria durante este ano con dous fitos importantes: o **I Certame de Pintura e Escultura Escolar "Mestre Laxeiro"**, en maio, e a **Exposición de Gravados de Goya "Os desastres da guerra"**, en decembro.

No mes de maio celebrouse o primeiro Certame de Pintura e Escultura Escolar "Mestre Laxeiro". Uns premios que contaron coa participación de 140 obras, mostra do legado artístico de Laxeiro e do talento das novas xeracións, que vestiron as paredes do vestíbulo do auditorio. A gala de entrega de premios supuxo un momento inesquecible para os participantes e os seus familiares.



Primeiro Certame de Pintura e Escultura Escolar "Mestre Laxeiro"

mil novecentos noventa e oito

O PXOM BOTA A ANDAR

Este ano puxéronse en marcha moitos dos proxectos que sentaron as bases dun futuro máis próspero e dinámico para Lalín

O ano 1998, en Lalín, foi testemuña dun notable desenvolvemento en diversos ámbitos. Se falamos do **desenvolvemento económico e social**, destacamos a **inauguración do Centro de Asesoramento e Información da Seguridade Social**, tras a cesión dun local que o Concello outorga ao Instituto Nacional de Seguridade Social. Un investimento que facilitou os trámites aos cidadáns.

Así mesmo, **impulsáronse proxectos de infraestrutura** como a **construción dun gran centro de transporte** no Polígono Lalín 2000. Unha presentación que tivo lugar en maio e a que asisten: o alcalde, o director xeral de Transportes, Juan Carlos Villarino Tejada e diferentes membros da Cooperativa de Transportes.



Reunión entre José Crespo e Manuel Fraga

Lalín estaba a iniciar o seu proxecto máis grande e laborioso.

O municipalismo de Lalín. Foi o **19 de xuño cando o Concello aproba en Pleno inicialmente, o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)**. Case un mes despois, o 30 de xullo, o alcalde reúnese cos 52 pedáneos do Concello de Lalín para explicarlles o Plan Xeral de Lalín.

A partir do 1 de outubro iníciáanse as xestións para o **servizo integral de saneamento de Lalín**, o que implicará unha mellora significativa nos servizos básicos, especialmente nas zonas rurais, coa inclusión da recollida de lixo nas parroquias de Albarellos, Bendoiro, Prado, Vilatuxe, Cercio, Rodís, Filgueira, Palio, Donramiro e Botos. Ademais durante este ano realizáronse **importantes investimentos en infraestruturas e servizos públicos que axudaron a situar a Lalín como a Capital do Deza**, entre elas; a homologación da sinalización viaria coa normativa da Unión Europea, na que se inclúen grandes carteis nas entradas de Lalín co lema "Lalín, Capital do Deza".

A **construción de dous novos centros sociais** (Donsión e Lalín de Arriba), a **apertura das portas da Oficina Municipal de Turismo e a inauguración de tres novos pavillóns deportivos** en diferentes parroquias (Cercio, Vilatuxe e no Colexio Comarcal de Lalín) evidencian o compromiso do Concello co benestar da súa veciñanza.

A **creación da Oficina de Axentes de Emprego e Desenvolvemento** que abriu as súas portas o 2 de xullo tamén foi un paso importante para fomentar o emprego na localidade.

No **eido cultural e turístico**, podemos dicir que **Lalín se situou**, durante este ano **como un referente, celebrando por primeira vez o Cocido de Lalín en Barcelona**. Un acto que reuniu a todas as Casas de Galicia de Cataluña e ao que asisten José Crespo e Manuel Gómez Estévez, concelleiro de Cultura.

O 14 de maio **o alcalde presenta aos medios unha serie de retratos dos rexedores municipais do último século coa finalidade de iniciar a recuperación da memoria histórica de Lalín**. As fotos que se recompilaron foron as de Manuel Ferreiro Panadeiro, Alfonso Garra Goyanes e Luís González Taboada.

O **interese por preservar o patrimonio de Lalín** tamén foi motivo dunha reunión entre o alcalde e o presidente da Xunta, Manuel Fraga. O obxectivo deste encontro era amosarlle o seu **interese na preservación do patrimonio natural da comunidade ao propor a compra da Carballeira e souto de Quiroga en Catasós**.

O ano pechouse coa celebración do **aniversario da canalización do río Pontiñas**, un fito na mellora do contorno natural de Lalín. Este momento foi festexado cunha simbólica solta de patos no lago por parte do alcalde.

O 1998 foi un ano de grandes logros no que tamén a casa consistorial recibía a visita do ministro de Produción da Provincia de Buenos Aires D. Carlos Brown e do senador da Nación Argentina, D. Jorge Villaverde.



Visita do ministro de Argentina ao Concello



O ministro e o senador de Argentina visitan o Concello



Presentación do primeiro número do Anuario Descubrindo, editado polo SED

Lalín viviu grandes logros que o situaron na vangarda galega, consolidando a súa identidade e situándose como un referente de progreso e dinamismo

O ano comezou coa presentación da **primeira edición dos Venres Folk**, un evento que contou coa participación de grupos emblemáticos como Fía na Roca, Leilía, Chouteira e Os Cempés. O éxito desta iniciativa confirmouse co concerto de Leilía o 12 de marzo.

A aposta pola cultura local non se limitou á música.

O 2 de febreiro presentouse a **primeira edición do Anuario Descubrindo**, unha iniciativa impulsada polo Seminario de Estudos do Deza (SED) coordinado polo concelleiro de Cultura, Román Rodríguez, que recolle o traballo de 19 investigadores da comarca, fomentando a investigación, e a recuperación de obras do patrimonio cultural dezaio.

A aprobación definitiva en Pleno do PXOM: Construíndo o Lalín do futuro

Un momento crucial para o futuro de Lalín, chegou o 5 de febreiro coa posta en marcha do novo Plan de Ordenación Municipal de Lalín (PXOM). **A súa aprobación definitiva en Pleno supuxo unha ferramenta fundamental para organizar o crecemento do municipio**, ordenando as actividades e usos do solo e para protexer a paisaxe e planificar as infraestruturas. Este ambicioso proxecto, que entrou en vigor o 8 de marzo, sentou as bases para un crecemento ordenado e equilibrado do municipio que buscaba un tratamento integral tanto no ámbito rural como no urbano para que ambos teñan as mesmas posibilidades.


mil novecientos
noventa e nove
LALÍN NA VANGARDA



5 de febreiro de 1999. Aprobación definitiva do PXOM en Pleno

O PXOM abordou o desafío de xestionar un concello de gran extensión con 52 parroquias (53 contando Buenos Aires na Argentina) e máis de 300 aldeas, nas que o 90% son núcleos rurais.

- | | |
|----------------------|---------------------|
| 1. Albarellos | 29. Lalín de Arriba |
| 2. Alemparte | 30. Lebozán |
| 3. Alperiz | 31. Lodeiro |
| 4. Anseán | 32. Losón |
| 5. Anzo | 33. Maceira |
| 6. A Veiga | 34. Madriñán |
| 7. A Xesta | 35. Méixome |
| 8. Barcia | 36. Moneixas |
| 9. Bendoiro | 37. Muimenta |
| 10. Bermés | 38. Noceda |
| 11. Botos | 39. O Cello |
| 12. Busto | 40. Palio |
| 13. Cadrón | 41. Palmou |
| 14. Camposancos | 42. Parada |
| 15. Cangas | 43. Prado |
| 16. Castro de Cabras | 44. Rodís |
| 17. Catasós | 45. Santiso |
| 18. Cercio | 46. Sello |
| 19. Cristimil | 47. Soutolongo |
| 20. Doade | 48. Val do Carrio |
| 21. Donramiro | 49. Vilanova |
| 22. Donsión | 50. Vilatuxe |
| 23. Erbo | 51. Xaxán |
| 24. Filgueira | 52. Zobra |
| 25. Fontecabalos | |
| 26. Galegos | |
| 27. Goiás | |
| 28. Gresande | |



A **gastronomía lalinense** viviu tamén un **ano excepcional** con dous acontecementos que a situaron no mapa nacional e internacional. **A XXI edición da Feira do Cocido trouxo consigo** como gran novidade **a celebración do “Mes do Cocido”**. Unha iniciativa coa que José Crespo buscaba potenciar os produtos locais e a hostalaría ofrecendo ao mesmo tempo un novo atractivo para fomentar o turismo na comarca. **“De San Amaro a San Valentín”** foi o lema deste primeiro Mes do Cocido que se instaurou o 1 de febreiro de 1991 e que segue a festexarse na actualidade.

A Feira do Cocido celebraríase tamén **en Barcelona, por segundo a no consecutivo**, como novidade, tivo lugar **a I Feira do Cocido en Núremberg (Alemania)**. Unha festa que contou coa colaboración do Centro Galego e con máis de 300 comensais galegos.



Primeira Feira do Cocido en Núremberg, Alemania

O 26 de abril os colectivos gastronómicos galegos homenaxean a **José Crespo nomeándoo “alcalde da Gastronomía”** nun acto organizado polas asociacións gastronómicas *Amigos da Cociña Galega, Lareira, Xantares, Rías Altas, Restauradores Galegos* e *Unión Hostaleira Galega*. **Un mes despois, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Turismo declara a Feira do Cocido como “Festa de Galicia de Interese Turístico”,** un recoñecemento aos méritos de singularidade, afluencia de visitantes e interese cultural.

Este ano estivo tamén cheo de inauguracións. Entre as máis importantes destacamos a **inauguración do Centro social de Lalín de Arriba**, o 9 de abril, a **inauguración do Centro social de Donsión**, o día seguinte, 10 de abril; a **inauguración do Centro de formación ocupacional no Polígono Lalín 2000** o 15 de maio; a **inauguración das obras realizadas na rúa Principal e rúa Colón así como a Fonte dos Cabalos** o 17 de setembro. E como broche final, a **inauguración da exposición “Lalín 100 anos en fotos”.**

O compromiso co medio ambiente materializouse este ano con dous importantes acontecementos. En primeiro lugar, a **adquisición da Fraga de Catasós** por parte da Xunta o 29 de maio. Un proceso que se iniciou por mor das investigacións do profesor Viéitez Cortizo, quen, preocupado pola preservación desta marabillosa paraxe, puxo de manifesto ante o Concello e posteriormente ante a Xunta a imperiosa necesidade de protexela.

Por outro lado, o 8 de novembro, O DOG recolle os espazos que serían **incluídos na Rede Europea Ecolóxica Natura 2000**, entre eles **as Sobreiras do Arnego e a Serra do Candán** no que respecta a Lalín.

O patrimonio artístico de Lalín enriqueceuse coa recuperación do cadro “A República”, obra de Laxeiro que estaba en posesión da familia Garra Goyanes. Grazas a unha acta de 1931 que certifica a doazón por parte do artista, como símbolo de agradecemento por unha bolsa que lle fora concedida, este cadro é devolto ao Concello nun pequeno acto na casa consistorial.

A colaboración con outras administracións e a promoción de relacións internacionais contribuíron a situar a Lalín como un actor relevante no panorama galego. O 16 de outubro Lalín deu un paso cara á cooperación internacional coa visita da cónsul maior de Escaldes para estudar unha posible irmandade cultural.

A nivel local, o 3 de novembro, asinou un convenio co IGVS para mellorar a zona de Pontañas, grazas a unha subvención de 23 millóns de pesetas.



Inauguración do Centro social de Lalín de Arriba



Inauguración do Centro social de Donsión



Inauguración das obras da rúa Principal



Adquisición da Fraga de Catasós



Serra do Candán, incluída na Rede Europea Ecolóxica Natura 2000



Entrega do cadro "A República"




Toma de posesión do terceiro mandato no ano 1999. Fonte: Bernabé

José Crespo inicia o seu terceiro mandato

Tras as eleccións locais do 13 de xuño, José Crespo consegue 15 concelleiros, e afronta así o seu terceiro mandato. **O liderado político de Crespo foi clave nesta etapa.** A súa reelección e a multiplicación de cargos de representación a nivel local, provincial e autonómico consolidaron o seu proxecto político e permitiron atraer investimentos e recursos para o municipio.

Crespo, asumiu importantes responsabilidades compaxinando a Alcaldía cos cargos de vicepresidente da Deputación de Pontevedra, vicepresidente da FEGAMP, representante da FEMP, secretario comarcal do PP, membro do Comité Provincial e do Comité Executivo Provincial do PP e secretario da área de Agricultura do PP de Galicia, ademais de vicepresidente do Consello de Administración da Caixa de Pontevedra **demostrando, unha vez máis, a súa grande capacidade de xestión.**



En conclusión, os 90 foron anos de grandes logros para Lalín, que o situaron na vangarda galega.

















A combinación de iniciativas culturais, gastronómicas, urbanísticas e medio ambientais, xunto cun forte liderado político, consolidaron a identidade do concello e sentaron as bases para un futuro de progreso e dinamismo.

















2000

2009



O cambio
de milenio





2000

2009

O cambio de milenio

No amencer dunha década tecida con fíos dixitais

O cambio de milenio, marcado pola revolución dixital, a globalización e profundos cambios socioculturais, xerou gran expectación e incerteza entre a poboación xa que se percibiu como o inicio dunha nova era chea de posibilidades. Un momento clave para a sociedade, que se asociou a un futuro prometedor e que por tanto se viviu con optimismo, esperanza e inquietude.

Esta década estivo marcada pola adopción do euro no ano 2002, un dos fitos máis importantes da historia recente. Supuxo unha ruptura co pasado e marcou o inicio dunha nova fase de integración económica en Europa.

Nos anos posteriores ao cambio monetario experimentouse un crecemento económico sen precedentes. Os seus efectos traducíronse nunha mellora do nivel de vida, unha maior mobilidade xeográfica e nun aumento do consumo.

Con todo, esta bonanza económica viuse bruscamente interrompida en 2008 pola crise financeira global, que deixou unha profunda pegada no país e, polo tanto, en Galicia.


Que sucedía por aquel entón en Lalín?

Lalín estaba en plena transformación, vivindo unha metamorfose que a converteu nun municipio dinámico e moderno que entra nos 2000 demostrando que é posible conciliar o desenvolvemento económico e social coa protección do patrimonio natural e cultural. Abriuse desde xeito a novos desafíos e mercados, preservando as súas raíces.

Esta transformación viuse acelerada pola adopción do euro e o auxe económico que impulsaron un crecemento sen precedentes, consolidando a Lalín como un municipio cunha grande diversificación económica e cunha forte tradición industrial e gandeira.

A 'Moda de Lalín' situada á vangarda a nivel nacional e internacional grazas á calidade dos seus tecidos e deseños, nesta década era un dos piares da economía local. Posteriormente tívose que enfrontar a diversos retos tales como: a competencia internacional e nacional, os cambios nos hábitos de consumo e a modernización tecnolóxica. Estes cambios obrigaron a Lalín a modernizarse e buscar novos nichos de mercado. A bonanza económica que caracterizou os primeiros anos desta década viuse afectada pola incerteza económica que impactou, indirectamente, na localidade tras a crise do Prestige. Unha situación que empeorou posteriormente coa crise financeira do 2008.

A pesar destes desafíos, Lalín demostrou ter unha gran capacidade para se reinventar ao saber aproveitar as súas fortalezas, demostrando ser unha localidade resiliente capaz de debuxar o futuro.



Ao albor do novo milenio, Lalín encontrábase en plena ebulición cunha serie de cambios e proxectos que sentarían as bases do futuro

O ano comezou cun pulo decidido cara ao desenvolvemento. O Polígono Lalín 2000 converteuse no epicentro deste avance, co **inicio das obras da Cidade do Transporte**. Este ambicioso proxecto, que supuxo un investimento de 877 millóns de pesetas, **foi inaugurado polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, o día 5 de outubro deste mesmo ano.**

A cultura e a gastronomía tamén tiveron o seu momento de gloria. **Este ano, coincidindo coa XXXI edición da Feira do Cocido, nace a “Encomenda do Cocido”**: unha institución creada para recoñecer e agrupar a aquelas persoas que contribúen a promocionar Lalín e a súa riqueza cultural e gastronómica. O recoñecido deseñador lalinense **Florentino, foi o encargado de crear as distintivas capas que lucirían os membros da Encomenda**. Un deseño que simboliza a tradición e a innovación, valores fundamentais desta nova institución que celebrou o seu acto fundacional o 25 de febreiro no Museo Municipal.

A elección de Mariano Rajoy, entón ministro de Educación e Cultura, como pregoeiro desta edición, demostra a relevancia política e cultural que adquiriu a Feira do Cocido e, por conseguinte, a Encomenda.

O Cocido de Lalín volveu a situar o municipio no mapa internacional coa celebración da **I Feira do Cocido en Argentina**. A celebración, presidida polo presidente da Xunta, Manuel Fraga, reuniu a máis de 1.300 comensais no “Centro Galicia” quen puido degustar un cocido realizado por Alfonso López, do restaurante “La Molinera”. Este xantar contou coa presenza do alcalde, José Crespo, e dunha dúcia de empresarios galegos que aproveitaron a visita para establecer contactos.



Mariano Rajoy pregoeiro da XXXI Feira do Cocido



Primeira Feira do Cocido de Lalín en Argentina



Crespo entrega a Alfonso López, do restaurante "La Molinera", un distintivo

O plan xa está en marcha

A planificación urbanística de Lalín tamén colleu pulo neste ano. Podemos dicir que, o proxecto de Lalín xa está en marcha.

O 10 de marzo **o goberno aproba inicialmente un plan para mellorar a subministración de auga desde o río Asneiro**, cun investimento de 198,7 millóns de pesetas. Ademais, o 3 de abril **Lalín recibe 34 millóns do Plan Provincial de Cooperación** para diversas **melloras no rural que inclúen iluminacións, arranxos de cemiterios, rede de sumidoiros e compra de contedores de lixo**.

Durante o mes de abril, **a comisión de seguimento do Plan Xeral traballou arreo no informe da Dirección Xeral de Urbanismo**, que incluía 25 modificacións puntuais do Plan, **e presentando catro propostas para a urbanización do Regueiriño**, optando os voceiros pola alternativa que propón a construción do novo consistorio nunha praza con soportais.

Outra das novas que permitirían a Lalín evolucionar en materia de planificación urbanística chegou o 19 maio, cando **o Consello da Xunta aproba o investimento de 150 millóns en melloras de rúas do centro de Lalín**. Unhas obras que se iniciarán o 12 de decembro.

O 18 de maio, o alcalde **Crespo presentou as liñas básicas do plan director da Finca Mouriscade**, un proxecto que establecía esta finca como base de cultivos experimentais de agricultura integrada e ecolóxica, situando a Lalín á vangarda da investigación agrícola.

Tamén, no mes de maio, a Corporación de Lalín confía ao ORAL o servizo de recadación municipal en Lalín. **A municipalidade avanza** de modo significativo **na modernización e mellora dos seus servizos** adoptando medidas que, de aprobarse, facilitarían enormemente a vida dos veciños.

dous mil

EN MARCHA



Colocación da primeira pedra da capela do cemiterio da Romea

O 12 de maio, colocouse a **primeira pedra da nova capela do cemiterio da Romea**, marcando o inicio da súa construción. Este ano, tamén se conseguiu a **licitación das obras dos cemiterios de Goiás, Palmou e Vilanova**.

No eido social e deportivo o 2000 foi un ano intenso marcado por importantes logros e sentidas perdas.

Lalín inauguraba o Centro social da Veiga, un novo espazo para o encontro e a convivencia da veciñanza **o mesmo día que o “Balonmán Lalín” se proclamaba campión do sector estatal júnior**. Mentres tanto, a música local sufría un duro golpe. **O 28 de abril, Lalín gozaba, sen sabelo, do último concerto da banda local Dhais** co seu disco “Armanvela”. O 19 de xuño, falecía o seu músico Luis Areán, alma máter do grupo, nun tráxico accidente de tráfico.

A pesar de todo, a vida seguiu o seu curso e **as rúas vibraron coa emoción da Volta a Galicia ao seu paso pola capital do Deza**.





Volta a Galicia no seu paso pola capital do Deza



Retratos de Laxeiro doados pola familia Goyanes

No ámbito cultural, o 30 de outubro, **Crespo presenta no Pleno dous retratos de Laxeiro doados pola familia Goyanes**, enriquecendo así o patrimonio artístico da localidade. A finais de ano, **en decembro, descubríronse novos datos sobre a relevante figura do actor Juan Orol**, estrela do cine de gánsteres mexicano, **a quen o investigador cinematográfico Manuel González atribuíu orixe en Santiso.**

dous mil un

TRAZANDO O FUTURO

As transformacións no centro urbano de Lalín continuaron no 2001 cunha serie de cambios que marcarían a súa evolución.

O 8 de xaneiro iniciáronse as obras nas rúas “Luis González Taboada” e na Avenida de Buenos Aires. Obras que serían inauguradas por Cuiña, o 23 de xuño, xunto coas actuacións de mellora da rúa Pintor Laxeiro.

A inauguración do Monumento ao Porco na rúa Colón e a apertura da Gardería Municipal, cualificada por Fraga como “a máis bonita de Galicia”, foron fitos que **marcaron o inicio do ano.**

Paralelamente, impulsouse o desenvolvemento económico con dous proxectos protagonistas que evolucionarían ao longo do ano e que protagonizarían o futuro inmediato de Lalín: **a construción dun Centro Comercial Eroski e a revitalización do Polígono Lalín 2000. Deste xeito, a aprobación do Plan Parcial Areal-1, onde se construíría o centro comercial, e a ampliación do Polígono Lalín 2000, en 183.000 metros cadrados, demostraban a vitalidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e aguraban un futuro prometedor para a economía local.**

Ademais destas actuacións, a Xunta aprobou o 22 de xuño o Plan Parcial de O Regueiriño, o que impulsou novos proxectos de urbanización no municipio e, o 7 de agosto, adxudicouse a segunda fase de acondicionamento das fachadas que daban ao Paseo do Pontañas. Estas obras, xunto con outras iniciativas municipais, transformaron a faciana de Lalín e melloraron a calidade de vida dos seus habitantes.



Inauguración do Monumento ao Porco na rúa Colón



Inauguración da Avenida de Buenos Aires



Areal Eroski



Polígono Lalín 2000

A conectividade tamén foi unha prioridade, este ano **iniciáronse os trámites para a construción da autovía Santiago-Ourense**, que situaría a **Lalín como o Quilómetro Cero de Galicia** ao mellorar a súa comunicación con outras cidades galegas.

A cultura, a historia e o patrimonio tamén tiveron o seu espazo no 2001

No principio do ano, o 9 de febreiro, Milladoiro enche o Auditorio Municipal no inicio dos Venres Folk. Outros concertos destacados no 2001 foron o de Xosé Manuel Budiño na Foliada e **a lendaria actuación de Manu Chao, que reuniu a máis de 13.000 persoas no estadio municipal de fútbol** o 24 de agosto.

A **homenaxe a Loriga e á Patrulla Elcano** no 75 aniversario da súa histórica travesía a Filipinas e a cesión de casas para albergar peregrinos no Camiño de Santiago foron outras mostras do compromiso de Lalín coa súa historia e o seu futuro.

Concerto Manu Chao





Máis de 1.3000 comensais na Feira do Cocido en Venezuela

O ano finalizou coa celebración da **Feira do Cocido en Venezuela**, onde a **Irmandade Galega de Caracas** reuniu a máis de 1.300 comensais o 2 de decembro, e coa **inauguración do Museo Galego da Marioneta** o 27 de decembro, froito dun convenio entre o Concello e Viravolta.



Feira do Cocido en Venezuela

dous mil dous

IMPULSANDO O DEZA



Inauguración da Biblioteca Municipal "Varela Jácome"

O ano 2002 marcou para Lalín un período de intensa renovación urbana e recoñecementos significativos, consolidando a súa posición como referente na Comarca de Deza

O ano comezou cun ambicioso plan de renovación urbana. En marzo, **inauguráronse as obras de urbanización de sete rúas**, sentando as bases para unha localidade máis moderna e funcional, mentres se iniciaba a construción do auditorio ao aire libre a carón do Pontiñas. Estes proxectos, xunto coa **apertura da Biblioteca Municipal "Varela Jácome"**, en maio, e a **inauguración do Parque Infantil Pontiñas**, que impulsou a convivencia familiar, ampliaron os espazos de lecer aumentando as opcións de entretemento para os veciños. Foi máis tarde, en setembro, cando **o auditorio e a pista de tenis abriron as súas portas**, consolidando esta revitalización.

A aposta polo desenvolvemento industrial continuou coa **aprobación do proxecto de urbanización da terceira fase do Polígono Lalín 2000**, en abril, o que facilitou o crecemento da zona.

Ademais, en xuño, **o goberno municipal aprobou o Plan Especial para o primeiro anel de circunvalación**; unha obra de gran envergadura que melloraría a comunicación e o acceso á localidade. **As zonas rurais tamén experimentaron cambios significativos.**

En agosto, a Deputación aprobou o **investimento de 194.000 euros para o saneamento e o abastecemento da auga a núcleos rurais** da localidade.

Nos comezos do novo milenio, tamén se exploraron novas formas de xestión municipal. En abril, **o Concello propuxo á USC a creación dun equipo para estudar a posible fusión de concellos de Deza.**

Unha iniciativa que tiña como obxectivo a implantación dun municipalismo baseado en optimizar os servizos públicos para ofrecer aos cidadáns unha maior gama de servizos, sen perder a identidade de cada localidade. En novembro, **Crespo e Román Rodríguez presentaron a Fraga un avance deste estudo.**



Obras para o saneamento de Catasós



75 aniversario da aterraxe de Loriga no Monte do Toxo



Homenaxe a Juan Orol coa colocación dunha placa en Santiso



Concerto de Julio Iglesias

O 2002 foi **un ano de importantes recoñecementos para Lalín** e os seus representantes. En abril, na localidade asturiana de Noreña, Crespo foi nomeado Cabaleiro da Orde de Sabadiego.

En xuño, conmemorouse o **75 aniversario da aterraxe de Loriga no Monte do Toxo**, unha data relevante na historia local xa que foi o primeiro avión que tomou terra en Galicia. Este acto formou parte das conmemoracións organizadas polo Concello de Lalín con motivo do 75 aniversario da morte de Loriga. A comunidade tamén rendeu **homenaxe a Juan Orol**, en novembro, **coa colocación dunha placa na súa casa natal en Santiso** e a proxección da película "Paixóns

infernais" en presenza da súa viúva, Dinorah Judith, os seus familiares e tamén do cineasta e historiador mexicano, Eduardo de la Vega. Así mesmo, este ano organizouse unha sinxela e emotiva **homenaxe aos concelleiros falecidos no cargo** desde a instauración da democracia.

Ademais destes recoñecementos e homenaxes, o ano tamén estivo protagonizado por celebracións populares. O 12 de setembro, o alcalde investiu a **Julio Iglesias** como Comendador do Cocido e, ao día seguinte, o cantante **ofreceu un espectacular concerto no Pavillón Municipal**, deleitando a miles de espectadores.



Inauguración da recuperada Carballreira do Rodo



Sinatura da compra do Pazo de Liñares



Inauguración da rúa da Garda Civil

A ampliación do patrimonio histórico comarcal tamén foi obxecto de atención durante o ano 2002. **Manuel Fraga inaugurou o Pazo de Bendoiro**, en xullo, e en setembro a recuperada **Carballeira do Rodó**.

En outubro **o Pleno de Lalín aproba a compra do Pazo de Liñares**, unha adquisición que se pecharía en novembro.

Todas estas accións contribuíron a preservar e a por en valor o rico patrimonio histórico, natural e cultural da comarca, consolidando a Deza como un referente do turismo rural.

A **inauguración da rúa da Garda Civil** en setembro, coa presenza da ministra Ana Pastor, serviu **como homenaxe ás forzas de seguridade do Estado**, cuxa labor sería fundamental, meses despois, no desastre do Prestige onde a solidariedade dos veciños de Lalín quedou patente.

O alcalde tamén colaborou participando en labores de limpeza na Praia de San Vicente e, o 28 de febreiro de 2003, o Concello organizaría un Cocido Solidario en Madrid coa finalidade de recadar fondos para os afectados polo afundimento do petroleiro.

No tramo final do ano, tamén se produciron outros eventos relevantes como **a aprobación do Plan parcial de Sinergias e de urbanización de Eroski**, en novembro, ou **a apertura do treito inicial da autoestrada AP-53 en decembro**. Mes no que tamén comeza a funcionar a Oficina Agraria de forma experimental.



Cocido Solidario en Madrid para axudar aos afectados polo afundimento do Prestige



Feira do Cocido no Centro Galego de Cuxhaven



Tradicional Matanza do porco no Pazo de Liñares

O ano comezou con dous eventos que, aínda que diferentes, expresaron o espírito solidario dos veciños de Lalín, contribuindo a demostrar, aquí e alá, a xenerosidade e o arraigamento das súas tradicións

O 27 de xaneiro, o Concello rendeu **homenaxe a Enrique Aller**, cooperante lalinense falecido en Perú, entregando á súa familia a 'Folla de Carballo' de prata, como mostra de agradecemento polo seu compromiso cos máis necesitados.

A solidariedade de Lalín manifestouse novamente coa iniciativa do Cocido Solidario. Ante a recente traxedia que supuxo o afundimento do Prestige para o pobo galego, o alcalde **decide** suspender a comida oficial deste ano e **programar un Cocido Solidario en Madrid**, o 28 de febreiro, coa finalidade de recadar fondos para axudar aos afectados. Máis de 11.000 persoas degustaron este cocido, unha iniciativa que resultou ser un éxito e demostrou que **unha festa gastronómica pode converterse nun poderoso vehículo de solidariedade**.

A tradición do cocido seguiu traspasando fronteiras, chegando en maio á comunidade galega en Alemania coa **Feira do Cocido no Centro Galego de Cuxhaven**.

O proxecto de Liñares comeza a cobrar vida

Unha asociación universitaria encargárase de explorar os posibles usos deste enclave e que o Pazo de Liñares comezase a cobrar vida. **Esta revitalización comezou a ser tanxible**, pouco despois, **coa celebración da tradicional Matanza do porco**. Un evento que, este ano, resultou ser moi especial por celebrarse neste espazo. Neste acto simbólico non só se rescatou unha tradición ancestral, senón que tamén se representou a "toma de posesión" do pobo sobre o seu novo patrimonio, convertendo o pazo nun lugar de encontro para os veciños.

dous mil tres

UN LALÍN UNIDO E SOLIDARIO

O compromiso do Concello co desenvolvemento local seguía a ser noticia. O 22 de marzo, levouse a cabo a inauguración oficial da Oficina Agraria e, o 2 de abril, ábrese as ofertas para as obras de urbanización de O Regueiriño.

Este ano en Lalín, terra de músicos, celebráronse diversos eventos musicais que enriqueceron a súa oferta cultural. O rock chegou á localidade coa **actuación de Revólver** e o jazz conquistou as rúas coa celebración da **I edición da Festa do Jazz**. Outra das actuacións máis destacadas foi de El Canto del Loco que puxo o broche final ás Festas das Dores nun concerto multitudinario.

Tras as eleccións locais do 25 de maio, José Crespo conseguiu 14 concelleiros, iniciando así un novo mandato. **O Concello seguiu traballando e os veciños**, ademais de gozar dos eventos citados anteriormente, tamén **puideron ser testemuñas do impulso que se deu ás infraestruturas culturais**, coa presentación do proxecto de ampliación do auditorio e o inicio das obras de ampliación do conservatorio. Obras que garantirían un futuro prometedor para as artes na localidade.

No ámbito educativo, o proxecto de **construción do novo colexio público “Manuel Rivero”** foi unha das noticias máis destacadas. É en xuño, cando o alcalde e o conselleiro de Educación asinan o convenio para edificar o centro educativo, consolidando así o compromiso do Concello co desenvolvemento integral de Lalín.



Toma de posesión do cuarto mandato de José Crespo

O investimento en infraestruturas culturais e educativas estivo acompañada polo interese en impulsar o tecido económico da localidade. O 5 de xullo Crespo anuncia a construción dun terceiro polígono para Lalín. Neste contexto, e enfocándose en dar un empuxe á dinamización económica local, en setembro iniciáronse as obras do **Centro Comercial Pontifias**, e o 18 de novembro, abre as súas portas o **Centro Comercial Deza**: un ambicioso proxecto promovido polo grupo Eroski, cun investimento de 19 millóns de euros, que contaba cunha superficie de 12.700 metros cadrados e 32 tendas, xerou 300 postos de traballo. Con estes dous grandes centros comerciais **Lalín convértese no municipio galego con máis metros cadrados dedicados ao comercio**, atraendo a visitantes de toda a comarca e dinamizando o comercio local.



Raúl Alfonsín na súa visita a Lalín no 2003, dezanove anos despois da realizada por primeira vez ao municipio no 1984

A promoción e oferta turística da comarca **segue en alza**, atraendo cada vez a máis visitantes interesados en coñecer a historia e a cultura de Lalín e do Deza. Como proba diso, a finais de mes **inaugurouse o Albergue xuvenil de Mouriscade**, que supuxo un impulso para o turismo e a promoción do patrimonio local. O Concello tamén segue a apostar polos grandes eventos deportivos acollendo a cuarta etapa da Volta a Galicia.

O outono resultou ser especialmente activo. Lalín recibe a visita de diversas personalidades. Desde políticos como **Alberto Núñez Feijóo**, conselleiro de Política Territorial, que visitou a localidade para estudar o proxecto de circunvalación interior, ata figuras como **Javier Sierra**, daquela colaborador de Crónicas Marcianas e Herrera na Onda, dentro dos encontros de autores na Casa da Xuventude. Ademais, a **embaixadora de Venezuela** desprazouse ata Deza

motivada pola posibilidade de establecer relacións comerciais internacionais e convidando os empresarios a investir no seu país. O 30 de novembro a localidade tamén acolleu a **Raúl Alfonsín, quen volveu a Lalín tras a súa primeira visita realizada en 1984.**

O 15 de novembro, **o Auditorio de Lalín foi escenario da asemblea de constitución da Mancomunidade de Terras do Deza.** Unha entidade cuxos fins son a conservación de estradas e camiños locais, o tratamento integral de residuos, a protección do medio ambiente e a promoción do desenvolvemento económico, social e turístico dos municipios da comarca, entre outras cousas.

Lalín puxo fin a un ano de avances coa apertura do tramo da autoestrada entre Silleda e Lalín. Un proxecto que mellorou radicalmente as comunicacións da localidade e que contou coa presenza de altas autoridades estatais na súa inauguración.



José Crespo, o novo presidente da FEGAMP

Ademais dos logros en materia de infraestruturas e turismo, o ano 2003 tamén foi moi significativo a nivel institucional. **Crespo**, alcalde de Lalín, consolidou o seu liderado ao ser reelixido e, posteriormente, **foi nomeado presidente da FEGAMP o 3 de decembro**, momento que marcou o inicio dunha etapa moi frutífera. Neste ano, o alcalde tamén representou á Deputación de Pontevedra na celebración da Hispanidade en Nova York, ampliando así o seu ámbito de influencia.



Crespo saluda a Fraga nun dos actos da FEGAMP



Colocación da primeira pedra da terceira fase do Lalín 2000

O 2004 foi un período marcado por unha intensa actividade construtiva e o notable crecemento urbanístico ao abeiro do PXOM

A mellora da calidade de vida dos veciños foi novamente unha das prioridades. O ano comezou con importantes investimentos en infraestruturas sociais, como o financiamento da **residencia de maiores de Geriatros**, que contou con fondos do Igape, e a **colocación da primeira pedra do CEIP “Manuel Rivero”** o 10 de febreiro. Este mesmo mes, Lalín abriu as portas de novos servizos para a veciñanza e visitantes ao ampliar a oferta coa inauguración do **Albergue A Laxe** e o **aparcamento Europa**.

A cidade tamén traballou para fortalecer as súas conexións co exterior e converterse nunha cidade moderna e ben comunicada.

A chegada do AVE era unha realidade cada vez máis próxima, en marzo levantáronse as actas previas do AVE en Deza e en setembro, o Concello interpón un recurso para evitar o incremento da peaxe da autoestrada e loitar así contra ese aumento. A finais de ano, coa mirada posta no futuro, o alcalde solicita a Fomento a construción dunha variante da N-640 desde Goiás ata A Laxe.

Ademais dos investimentos en infraestruturas, tamén **se tomaron decisións importantes en materia de xestión municipal**, como a modificación da tipoloxía do IBI no rural e a concesión a Lalín do único parque eólico municipal da zona.



Peregrinación de alcaldes galegos no ano Xacobeo



Albergue A Laxe

Así mesmo, o 28 de xullo, **inauguráronse os colectores subterráneos e o punto limpo** para mellorar o servizo de recollida de residuos.

Este mesmo mes, o alcalde recibiu a visita do presidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, quen se mostrou interesado na iniciativa para a fusión de concellos, proposta que en decembro sería presentada en colaboración coa USC.

Este ano tamén se levaron a cabo os actos de entrega dos títulos de propiedade da concentración parcelaria de Santiso e do Regueiriño, así como a ratificación da irmandade con Escaldes, consolidando os logros municipais en materia de xestión territorial e relacións internacionais.

Lalín seguía celebrando cada logro. **O ano Xacobeo fixo que a localidade vibrase**, ao ritmo de La Oreja de Van Gogh, nun concerto gratuito que se celebrou en xuño no Campo da Feira. **Crespo, en representación de Lalín, participou na peregrinación de alcaldes galegos**, reafirmando así os lazos espirituais e culturais do municipio co Camiño de Santiago.

Ao mesmo tempo que se celebraban estes eventos culturais e de participación cidadá, o desenvolvemento urbanístico de Lalín continuou experimentando un grande pulo.

dous
mil
catro

**LALÍN UNHA ILUSIÓN
EN CONSTRUCCIÓN**



Inauguración Rolda Leste

O comezo da rehabilitación da rúa Areal, o 6 de abril, e a aprobación en maio do plan de sectorización de Lalín de Arriba, que permite a construción de 280 vivendas, impulsaron o crecemento urbano e a mellora das infraestruturas viarias. A segunda metade do ano caracterizouse por unha intensa actividade en diversos ámbitos.

Coincidindo coas festas patronais de Lalín, en setembro de 2004, **inaugurouse a Urbanización do Regueiriño** cunha superficie de 79.786 m². Esta nova zona urbana, **considerada a “milla de ouro lalinense”** converteríase, no futuro, no centro de Lalín albergando a nova casa consistorial, os xulgados e varios edificios residenciais de alta calidade, con soportais e amplas prazas e rúas.

Esta urbanización foi a primeira en desenvolverse segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), marcando un antes e un despois na práctica urbanística do municipio.



Xornadas Pactos Locais Autonómicos

Outras urbanizacións xurdidas ao abeiro do PXOM lalinense que destacan polas súas dimensións foron: **o plan parcial Agro da Viúva-Areal-Rodo**; a do **Agro de Lalín de Arriba**, que inclúe os terreos do novo Colexio “Manuel Rivero” e varias vías; a da prolongación de Rosalía de Castro e estación de autobuses; a urbanización entre as avenidas Buenos Aires e Estación e a de entre as rúas da Ponte-Cidade Xardín, entre outras.

O novo centro de Lalín comezaba a facerse realidade. En outubro coa licitación do xulgado e a **celebración das Xornadas Pactos Locais Autonómicos**. E, en novembro, coa **convocatoria dun concurso internacional de arquitectura para a construción da casa consistorial**, proxecto que foi adjudicado a Mansilla e Tuñón, que, o 3 de decembro, realizarían a primeira visita ao concello para axustar o proxecto ás necesidades locais.



FEGAMP, 25 anos de Concellos Democráticos

O ano concluíu coas inauguracións da ampliación do auditorio, do Colexio “Manuel Rivero”, do hipermercado “Haley” e da terceira fase do Polígono Industrial Lalín 2000, proxectos que evidenciaron a visión de futuro do Concello, e coa celebración da reunión da FEGAMP, 25 anos de Concellos Democráticos.

O 30 de decembro, para rematar, Lalín celebrou un emotivo acto no que se rendía homenaxe aos 95 concelleiros da democracia.



Inauguración do hipermercado “Haley”

dous mil cinco

CELEBRANDO LOGROS, ENFRONTANDO RETOS

O 2005 foi testemuña dun impulso sen precedentes no desenvolvemento urbanístico da localidade de Lalín

As iniciativas emprendidas este ano sentaron as bases dun período de gran transformación

Un dos fitos máis salientables foi a **aprobación e a sinatura do convenio** para a construción **da Rolda Leste**, en abril, **e a peonalización da Praza da Igrexa**, que se converteu nun referente onde se celebrarían actos sociais e culturais. Así mesmo, **o Museo Municipal de Lalín foi remodelado**, e acolleu este ano a VII Bienal Laxeiro.

O alcalde **José Crespo** xogou un papel fundamental neste proceso de transformación. En maio, **foi nomeado vicepresidente do Consello Territorial da FEMP**, o que lle permitiu fortalecer as relacións coa Xunta de Galicia e impulsar numerosos proxectos de interese para Lalín.

Ademais dos seus logros políticos, tamén recibe importantes recoñecementos. En agosto, foi nomeado Cabaleiro do “Capítulo Serenísimos do Albariño” de Cambados, unha honra que recoñece o seu compromiso coa tradición galega, e representou á Deputación e ao partido xudicial do Deza na ofrenda á Virxe da Peregrina.



Sinatura do convenio para a construción da Rolda Leste



Inauguración da ampliación do Museo Municipal "Ramón Mª Aller"

A aposta pola modernización fíxose evidente

Este ano, presentouse o proxecto da nova Casa do Concello, deseñada polos arquitectos Mansilla e Tuñón.

A maqueta desta vangardista obra coñecida como "O Castro Tecnolóxico" foi exposta na galería madrileña "O Esbozo" e foi presentada a nivel local, o 21 de febreiro, xerando gran expectación entre a veciñanza.



Mansilla (dereita) e Tuñón (esquerda) presentan o Castro Tecnolóxico



Inauguración dun novo bombeo da traída municipal no pozo negro de Catasós

A construción de infraestruturas seguía sendo unha prioridade. En xuño **iníciáanse os trámites para a construción dunha nova gardería** no Polígono Industrial Lalín 2000 e asínase un convenio, entre o vicepresidente da Xunta e Crespo, que permitiría a **ampliación do Polígono Lalín 2000 en 30 hectáreas máis**.

Paralelamente, **melloráronse os servizos básicos**, como o abastecemento de auga, **coa inauguración dun novo bombeo da traída municipal no pozo negro de Catasós**, que sería inaugurado o 23 de xullo polo conselleiro de Medio Ambiente.



Colocación da primeira pedra dos novos xulgados

Durante o 2005 os logros de Lalín foron múltiples e variados. No ámbito educativo, destacou a posta en marcha do **primeiro Máster en Xestión e Dirección de Deseño e Moda de Galicia.**

No sector da gandeiro, a **certificación do Laboratorio de Mouriscade** foi un fito significativo por ser o primeiro que acada a autorización da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a realización de ensaios químicos de pensos e materias primas.

Así mesmo, inauguráronse proxectos como o primeiro **Punto de Información Catastral de Pontevedra** e sentáronse as bases para a modernización da administración de xustiza coa **colocación da primeira pedra dos novos xulgados.**



Boleto da ONCE co anagrama da Feira do Cocido

Lalín continuou destacando pola súa rica tradición cultural

e gastronómica. A promoción do cocido de Lalín viuse fortalecida coa celebración dun acto de irmandade entre Lalín e a localidade cántabra de Potes e con diversas iniciativas promocionais como o patrocinio dun sorteo da ONCE ou a impresión do anagrama da Feira do Cocido en 200.000 cartas de Correos.

Con todo, e a pesar dos avances logrados, o municipio tamén enfrontou desafíos moi importantes. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou nulas as expropiacións do último treito do Paseo do Pontiñas, desde a circunvalación ata o Polígono Lalín 2000, atrasando así un proxecto chave para a cidade.

Doutra banda, o Concello continuou negociando a redución da peaxe da AP-53. Neste contexto, constitúese unha comisión mixta para negociar co Ministerio de Fomento a rebaixa da peaxe desta autoestrada.

Así mesmo, continuaron os traballos na mellora dos servizos sanitarios, absoluta prioridade para os cidadáns. Os esforzos centráronse na reivindicación dun hospital comarcal e a mellora do ambulatorio.

dous mil seis

UN PACTO HISTÓRICO PARA O MUNICIPALISMO GALEGO

O ano 2006 marcou un fito histórico para o municipalismo galego e Lalín estivo no epicentro deste cambio

O concello demostrou unha gran capacidade de adaptación e liderado. En xaneiro o alcalde foi elixido secretario de Organización do PPdeG, consolidando a súa posición no nivel rexional. Apenas cinco días despois, **o 20 de xaneiro, José Crespo, como presidente da FEGAMP, asina o Pacto Local, co xefe do executivo autonómico, Emilio Pérez Touriño.** Un acordo emblemático que marcaría un antes e un despois na historia do municipalismo galego.



20 de xaneiro de 2006, sinatura do Pacto Local

En paralelo, o ano comezou cunha exhaustiva labor de investigación arqueolóxica que deu como resultado un **inventario de 106 xacementos**, poñendo de manifesto a rica historia de Lalín.

Esta iniciativa, xunto coa **exposición de Laxeiro no Museo Nacional de Belas Artes de Buenos Aires** evidenciou o compromiso do Concello coa promoción da cultura e a preservación do patrimonio.

Do mesmo xeito, en febreiro, déronse importantes pasos na mellora dos servizos á cidadanía coa **apertura do Punto de Información Catastral** e a aprobación dun estudo de viabilidade para a construción dun hospital comarcal.

A intensidade tamén foi evidente durante o 2006 no ámbito urbanístico coa humanización de diversas rúas, coas **obras da circunvalación exterior de Lalín** e a coa **inauguración dos novos xulgados**, o 21 de xullo, coa presenza de Emilio Pérez Touriño, presidente da Xunta.

O PXOM supuxo un punto de inflexión, establecendo as bases para unha ordenación territorial máis sostible e equitativa

A aprobación da **ampliación do polígono industrial Lalín 2000, na súa cuarta fase**, xunto coa **construción da Rolda Leste**, impulsaron a actividade económica e a mellora da comunicación con outras localidades. Con todo, o Concello foi consciente da necesidade de equilibrar estes avances, implementando medidas para mitigar o impacto ambiental destes proxectos. A finais de ano, a Consellería de Vivenda entrega ao Concello o **Plan de Sectorización e o Estudo Ambiental da cuarta fase do Polígono**.

Este ano Lalín, tamén foi testemuña dun gran dinamismo no ámbito deportivo, consolidándose como un referente en diversas disciplinas. A **celebración do campionato nacional de rugby feminino**, a principios de xullo, situou á localidade como un referente a nivel estatal neste deporte.

Ademais, a **presentación do anteproxecto do multiusos Lalín Arena e a aprobación dun ambicioso Plan Xeral de Ordenación Deportiva**, que contempla un total de 21 actuacións solicitadas polos clubs lalinenses, consolidaron a aposta do Concello por ofrecer infraestruturas e programas deportivos de calidade.



Apertura do Punto de Información Catastral



Inauguración dos novos xulgados



Os novos xulgados



Colocación da primeira pedra do "Castro Tecnolóxico"

Un dos momentos máis especiais do ano chegou en setembro, coincidindo co inicio das festas patronais, coa **colocación da primeira pedra do novo concello no Regueiriño**.

Este proxecto, cualificado como "politicamente arriscado", respondía a unha ambiciosa planificación de futuro, que **foi viable grazas á xestión urbanística iniciada en 1999 coa aprobación do PXOM**.

A súa relevancia traspasou fronteiras sendo protagonista, a finais do ano, **dunha reportaxe na revista xaponesa GA Document** na que se recoñece esta obra como un dos proxectos arquitectónicos máis innovadores a nivel mundial.

No ámbito educativo, o 1 de xullo **o alcalde inicia os trámites para a creación dun centro da UNED en Lalín**.

O 10 de novembro, Crespo anuncia a apertura desta aula no 2007 dando un salto cualitativo na oferta formativa que abriría novas oportunidades á xuventude fomentando a aprendizaxe continua. Unha experiencia pioneira a nivel estatal que aseguraría un futuro prometedor para os seus habitantes.



Visita ás obras da Aula da Uned



Medalla de Ouro de Lalín a Marcial Sánchez

En resumo, **o ano 2006 foi un ano de grandes avances grazas á xestión municipal e ao compromiso de toda a veciñanza.** Os proxectos realizados en materia de urbanismo, deporte, cultura e educación situaron a Lalín como un referente na comarca. O alcalde, impulsor destes logros, recibiu en setembro a Insignia de Ouro da Asociación do Día de Galicia en Asturias e impuxo, en Buenos Aires, a **Medalla de Ouro de Lalín ao emigrante Marcial Sánchez** ante máis de 400 persoas.



Parque eólico Zobra

dous
mil
sete

**Á VANGARDA
DO MUNICIPALISMO**

Durante o ano 2007 Lalín consolidou a súa posición grazas a avances tanxibles que foron debuxando o novo rostro do municipio

Lalín situouse á vangarda da administración local galega ao converterse no **primeiro municipio en ampliar o seu horario de atención ao público ás tardes**. Esta pioneira iniciativa e a posta en marcha de novos servizos demostraron o compromiso do Concello cos cidadáns ao mellorar os servizos en resposta as necesidades da veciñanza. Por outro lado, no mes de maio sucedeu outro dos feitos que colocaron a Lalín á vangarda. **O TSXG admitiu o recurso da FEGAMP e declarou os parques eólicos como BICES**. A partir dese momento puido aplicarse un tipo do 1,3 fronteao 0,4 o que permitiu obter maiores ingresos para investir no municipio.

Pouco despois, no mes de xuño, celebráronse as eleccións municipais e **Crespo iniciou o seu quinto mandato ao obter 13 concelleiros.**



Investidura José Crespo no seu quinto mandato. Fonte: Bernabé



Foto do equipo de goberno. Fonte: Bernabé

A cultura foi unha das liñas de expresión máis características neste ano de transformacións.

En febreiro, Lalín presumiu do seu cambio cunha **exposición** chamada **“8 anos de urbanismo sostenible”**.

No mes de abril tamén se celebrou a **I Feria do Libro** coa **participación de Eduardo Punset** nunha charla multitudinaria sobre a felicidade. Por outro lado, **en agosto inauguráronse dous auditorios no rural: o Auditorio de Muimenta e o Auditorio de Vilatuxe**, grazas aos que se achegou a cultura a todos os recunchos das parroquias.

A **apertura da Aula UNED**, no ámbito educativo, brindou oportunidades de formación a localidade de Lalín, contribuíndo á mellora da cualificación da poboación.



Exposición 8 anos de urbanismo sostenible



Punset na I Feria do Libro en Lalín



Inauguración da Aula UNED

As infraestruturas continuaron a súa progresión con proxectos emblemáticos como o Castro Tecnolóxico, a nova casa consistorial deseñada por Mansilla e Tuñón. A **apertura da Rolda Leste e a inauguración do tramo ferroviario Castro Dozón-Cea** supuxeron grandes avances en materia de mobilidade.

A finais de ano, **iniciáronse as obras do Lalín Arena**, un proxecto chamado a marcar un antes e un despois no municipio. O remate do ano estivo marcado polo relevo do mandato de Crespo á fronte da Fegamp e a triste perda de Xosé Cuiña, cuxa traxectoria foi recoñecida nun pleno extraordinario.

Apertura da Rolda Leste



dous mil oito

O ANO QUE TRANSCORREU BAIXO O SIGNO DO RECOÑECEMENTO

O ano comezou baixo o signo da lembranza co emotivo funeral de Xosé Cuiña, unha figura fundamental na historia do municipio. O 2008 seguiu adiante cun **profundo recoñecemento a súa figura**.

Tras o nomeamento como Fillo Predilecto de Lalín, en maio, e a dedicatoria dunha avenida que levaría o seu nome, o ano conclúe cunha serie de actos na emotiva celebración do aniversario da súa partida. Unha misa e colocación da estatua de bronce de Bucifios, que reflicte a personalidade de Cuiña, marcaron este peche de ciclo recordando o seu legado. A pesar do incidente ocorrido na avenida que leva o seu nome, que sufríu un afundimento un mes antes do aniversario, as conmemoracións serviron para reafirmar a importancia da súa figura e o cariño da veciñanza.

Durante 2008, a crise financeira mundial golpeou con forza a economía local, especialmente nos sectores da construción e do téxtil, piares fundamentais en Lalín. Malia todo, a vida continuou o seu curso e a localidade encheuse de actividades.



Homenaxe a Xosé Cuiña



Cocido no Vaticano ante a Santa Sé

A gastronomía, como non podía ser doutro xeito, volveu ser o prato principal durante o ano 2008

A Feira do Cocido celebraba a súa XL edición. Unha das novidades que se introduciu foi a **presentación da Lalín Pork Art**. Os 40 anos da historia da Feira do Cocido recollíanse nun libro cuxa presentación se celebrou o 26 de xaneiro. Ademais, este ano **o Cocido de Lalín sería premiado co Prato de Ouro da Confraría Gastronómica nacional**, consolidando o seu prestixio. Foi en abril cando se celebrou un **Cocido na Embaixada Española ante a Santa Sé** no que participaron catro cardeais, arcebispos, seis monseñores e catro reverendos, ademais do embaixador Francisco Vázquez, que actuou en todo momento como anfitrión.



Lalín Pork Art



Acto do Centenario do nacemento de Laxeiro

O ano 2008 tamén converteu a Lalín en capital cultural, coa celebración do Centenario de Laxeiro, coa presenza de numerosas personalidades, entre elas o ministro de Cultura, César Antonio Molina.



Misa en honor á Virxe das Dores no marco dos actos de Centenario do Centro de Lalín en Buenos Aires



Actos do 20 aniversario do irmanamento de Lalín con Chascomús

A relación cos seus veciños máis aló das fronteiras tamén foi protagonista. En marzo Crespo ingresa na Enxebre Orde da Vieira, na súa 42ª edición, unha asociación que une aos galegos que viven fóra de Galicia e que serve como unha ponte para manter vivos os lazos culturais coa comunidade emigrante.

En outubro celebráronse os **actos do Centenario do Centro de Lalín en Buenos Aires e os do vixésimo aniversario do irmanamento con Chascomús.**

dous mil nove

GAÑANDO PRESENZA

O ano 2009 comezou coa emisión en directo do programa da emisora Onda Cero "La Brújula" desde o Museo Municipal de Lalín. Un evento que colocou á localidade do Deza no mapa mediático nacional e que contou con Carlos Alsina como pregoeiro.

Paralelamente en febreiro presentouse a **ecovía na rúa B**, unha obra que supuxo unha mellora substancial na mobilidade urbana.

A vida política tamén tivo un protagonismo destacado en 2009 coa **incorporación de Román Rodríguez ao Parlamento de Galicia** e coa celebración do **30 aniversario de Camilo González Bodaño como concelleiro**, o 9 de abril. Ese mesmo mes, fíxose pública a formación do novo goberno de Feijóo.



Presentación da ecovía na rúa B



Homenaxe a Camilo González Bodaño



Actos do Centenario de Daniel Varela Buxán

O mes de abril tamén foi testemuña da celebración do **Centenario de Daniel Varela Buxán e a reapertura da ponte Xosé Cuíña**, o 18 de maio, o que supuxo a recuperación dun elemento de gran valor para a localidade.



Centenario de Daniel Varela Buxán



Alberto Núñez Feijóo visita AEDEZA

O segundo semestre estivo marcado por varios acontecementos claves para Lalín. **A declaración de Liñares como Ben de Interese Cultural**, na categoría de monumento, **supuxo un recoñecemento á importancia deste inmovible**, abrindo novas posibilidades para a súa posta en valor.

No mes de xuño **inaugurouse a Unidade de Atención Temperá**, un servizo fundamental para as familias lalinenses.



Alberto Núñez Feijóo visita as obras da nova casa consistorial

O 25 de setembro **iniciáanse as obras do Colexio "Xesús Golmar"** coa colocación da primeira pedra, momento que conta coa presenza do conselleiro Jesús Vázquez. Outra das visitas institucionais máis relevantes deste ano sucedía o 30 de setembro, cando Lalín recibe a primeira **visita de Alberto Núñez Feijóo a Lalín como presidente da Xunta**, consolidando a relación entre a administración autonómica e o municipio. Durante a súa estancia Feijóo percorreu diversas instalacións municipais, AEDEZA, o laboratorio de Mouriscade e as obras da nova casa consistorial.



Os anos comprendidos entre o 2000 e o 2009 marcaron un antes e un despois na historia de Lalín.







Esta, foi unha década impulsada por unha xestión municipal visionaria e o compromiso da veciñanza, que permitiron que o municipio experimentase un crecemento e desenvolvemento sen precedentes en materias de urbanismo, deportes, cultura e educación.

2010

2019



Unha década
de desafíos



2010

2019

Unha década de desafíos

***que navega nun mar de incertezas
antes de volver á calma***

A década dos 2010 foi un período complexo de intensos cambios e desafíos tanto a nivel global como local.

A crise económica de 2008 sacudiu os alicerces da economía española e galega. A medida que as décadas se ían sucedendo, o novo milenio avanzaba enfrontándose a novos desafíos globais marcados pola crise financeira de 2008.

A participación cidadá intensificouse, dando lugar a novos movementos que esixían cambios profundos en todos os ámbitos, demostrando a capacidade da sociedade para adaptarse e colaborar na procura de solucións conxuntas, ante problemáticas como a do cambio climático ou a crise migratoria.

As consecuencias da crise eran salientables en España e en Galicia a nivel social e económico. O malestar social culminaría no movemento 15M, que en 2011 enchía as rúas, das principais cidades españolas, de manifestantes protestando contra a crise.



A nivel político, estes anos están protagonizados pola fragmentación parlamentaria provocada pola aparición de novas forzas políticas a nivel nacional. Ademais España vivirá nesta década unha crecente intensificación do conflito entre Cataluña e o goberno central. A crise independentista culminará no referendo ilegal e a declaración unilateral de independencia de 2017.


Polo demais, a imaxe de España a nivel internacional estará protagonizada polos éxitos da selección de fútbol que se proclamaría campioa do mundo por primeira vez en Sudáfrica no ano 2010 e campioa de Europa no 2012, nesta ocasión por segunda vez consecutiva.

Que sucedía por aquel entón en Lalín?

A década dos 2010 foi un período intenso tamén para Lalín. A localidade, como a maioría, non foi allea a esta realidade e viuse afectada pola repercusión da crise internacional que azoutaba con forza á poboación e aos piares básicos da economía.

Malia todo Lalín continúa adiante asumindo proxectos e infraestruturas claves que no futuro tratarían de mitigar o impacto dos efectos da situación. A inauguración do Lalín Arena, a nova Casa do Concello e a rehabilitación do Pazo de Liñares transforman para sempre a localidade. En canto ao patrimonio inmaterial, a Feira de Cocido suma un novo éxito ao ser recoñecida como Festa de Interese Turístico Nacional.

No 2015 prodúcese un cambio no goberno. Por primeira vez desde 1990, José Crespo non será elixido alcalde. Catro anos despois, antes de finalizar a década, José Crespo volve ao cargo cunha ilusión renovada, apoiado pola confianza dos seus veciños ao obter novamente a maioría absoluta.



dous mil dez

**ABRINDO AS PORTAS
Ó FUTURO**

O amencer de Lalín unha mañá de 2010 anunciaba unha nova era para o municipio, caracterizada por unha serie de avances que anunciaron grandes cambios e recoñecementos

O 2010 foi **un ano transcendental** dentro das actuacións **para a modernización e extensión das novas tecnoloxías ao rural**. Lalín foi o escenario escollido para a presentación de Repoblar, o plan da Deputación de Pontevedra para a extensión de internet a través de redes inalámbricas que permitirán chegar a máis do 90% da poboación de 55 dos 62 concellos da provincia.

A vila vestiuse de gala a comezos do ano **para honrar a un dos seus fillos máis queridos, Tuno Valdés**, quen durante de máis de 30 anos estivo vinculado ao mundo da música e a cultura lalinense. Neste acto, o alcalde José Crespo e o conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, fixeron entrega a Saturno Luis Valdés González, dunha copia manuscrita da declaración aprobada por unanimidade onde a Corporación Municipal acordaba por o seu nome ao principal salón de concertos do Auditorio Municipal.

Tuno Valdés falecería só uns meses máis tarde, o 22 de setembro, sendo recordado sempre como un dos grandes valedores da música en Lalín.



Homenaxe a Tuno Valdés



Sinatura do convenio para a rehabilitación do Pazo de Liñares

Mentres a música de Tuno aínda resoaba nos corazóns dos lalinenses, **o municipio preparábase para dar un salto ao futuro coa sinatura do convenio** co Ministerio de Fomento **para a rehabilitación do Pazo de Liñares**. Esa xoia arquitectónica que durmía agardando o seu momento, estaba a piques de espertar dun longo soño. Os 2,4 millóns de euros concedidos para a súa rehabilitación, en compensación polas obras do Tren de Alta Velocidade, eran como un feitizo que prometía devolverlle O Pazo o seu antigo esplendor.

A rehabilitación do Pazo de Liñares recibe un novo pulo, o 26 de novembro, coa sinatura do convenio polo que a Xunta de Galicia aporta 800.000 euros a través da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura. Deste xeito, o goberno municipal culmina os traballos de xestión que permitiron ao Concello a obtención do 100% da financiación para licitar as obras de rehabilitación e posta en valor do inmore de Prado.



Homenaxe a Antón Lamazares na USC

Outra homenaxe importante tería lugar este ano no mes de maio, cando **o pintor lalinense Lamazares foi distinguido coa Insignia de Ouro da Universidade de Santiago** polos seus servizos prestados á institución. No acto, celebrado no Paraninfo da Universidade, Facultade de Xeografía e Historia, interviñeron o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o reitor Senén Barro, quen sinalou que Lamazares “é un rapaz de aldea que se foi facendo adulto no mundo”.



Carmen Pardo, na inauguración do Hotel Torre do Deza

Lalín aproveitaba para abrir as súas portas e proxectarse cara ao futuro coa **inauguración do Hotel Torre do Deza, o primeiro do municipio coa categoría de catro estrelas**. Este establecemento, situado no Polígono Lalín 2000, erguíase convidando aos viaxeiros a descubrir os encantos do municipio.



Lalín Arena

Inauguración do Lalín Arena

Outro dos momentos destacados do 2010 foi a **inauguración do Lalín Arena o 8 de xullo**. Un momento clave no proceso de dinamización e progresión emprendido por Lalín anos atrás. Este complexo deportivo dotou a capital da Comarca de Deza dunhas instalacións idóneas para a celebración de grandes eventos deportivos e culturais.

Un concerto de Joaquín Sabina foi a primeira gran cita celebrada no recinto. Máis de 3000 persoas asistiron ao evento promovido polo Xacobeo e o Concello de Lalín. Con motivo da visita de **Sabina**,

o alcalde José Crespo investiu ao artista **novo comendador da Encomenda do Cocido** na primeira reunión extraordinaria do seu Capítulo Xeral.

Para a inauguración oficial do Lalín Arena, o Concello organizou, o 27 de outubro, unha xornada que tivo como prato forte o **partido clasificatorio para o Campionato de Europa de Balonmán entre as seleccións de España e Lituania**.



Campionato de Europa de Balonmán entre España e Lituania

Unha ampla representación da política galega, encabezada polo entón presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijóo, e o presidente da Federación Española de Balonmán, Juan de Dios Román, acompañaron ao alcalde de Lalín nesta xornada. José Crespo sinalaría no seu discurso que o ***"Lalín Arena é un soño cumprido despois de moitos esforzos, que vén a cubrir un oco existente no interior de Galicia"***.



Inauguración oficial do Lalín Arena, 27 de outubro

Feira do Cocido, Festa de Interese Turístico Nacional

A Feira do Cocido, ese festín que fai brillar os ollos e salivar as bocas, recibiu o **17 de xuño de 2010**, o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Nacional.

A **Feira do Cocido de Lalín non parou de medrar** desde a súa primeira celebración no ano 1969 **ata converterse nun referente gastronómico en Galicia e España.**

Se no ano 1999 era declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, este ano alcanzaba o recoñecemento a nivel nacional por parte da Secretaría de Estado de Turismo.

Esta distinción non sería mais que un novo paso na difusión desta festa dedicada ao prato máis senlleiro da gastronomía lalinense e á promoción turística do concello. Un proceso que se culminaría no 2020 co recoñecemento Festa de Interese Turístico Internacional.





*José Crespo de paseo con Valentín,
a mascota da Feira do Cocido
Foto: Marcos Míguez, La Voz de Galicia*

dous mil once

LIÑARES RENACE, LALÍN AVANZA



O Pazo de Liñares antes da rehabilitación

O Pazo de Liñares comezaba a súa transformación, a súa rehabilitación comeza a facerse realidade

Unha vez rematadas as xestións do goberno municipal para a financiación do 100% do proxecto por parte do Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, o Concello de Lalín inicia o proceso de adjudicación das obras, ao que se presentan 18 ofertas.

112/ LALÍN, O MUNICIPALISMO NO CAMBIO DE MILENIO

No mes de marzo, a mesa de contratación adxudica a obra por unanimidade á UTE Liñares. **O 15 de abril arrancan as obras** co acto protocolario da sinatura da acta de reformulación.

Iníciase así a transformación do Pazo de Liñares, declarado en 2009 como Ben de Interese Cultural (BIC) de Galicia, **para converterse nun gran equipamento sociocultural** que pon en valor un dos edificios máis emblemáticos do patrimonio lalinense.



Toma de posesión de José Crespo como alcalde. Sexto mandato, 2011

A política municipal está marcada neste 2011 pola celebración das eleccións municipais do 22 de maio. O resultado dos comicios supón a renovación do goberno municipal encabezado por José Crespo, que alcanza así o seu sexto mandato consecutivo.

A lista do Partido Popular obtén a maioría absoluta cun total de 14 concelleiros. Crespo acode ao acto de toma de posesión vestido cunha versión do traxe tradicional galego deseñado pola firma de moda lalinense Florentino.



Equipo de goberno do 2011



Primeira visita institucional de Alfonso Rueda a Lalín

No mes de xullo, **Alfonso Rueda realiza a súa primeira visita institucional a Lalín**. O conselleiro da Presidencia recibe o agradecemento do alcalde polo apoio á construción do novo consistorio, un edificio que, en palabras do propio Rueda, "será un símbolo do municipalismo en Galicia".

A promoción turística e cultural de Lalín segue adiante centrada en converter o concello nun referente do turismo de interior en Galicia e España. A Feira do Cocido segue sendo a protagonista como referente indiscutible da gastronomía galega.

Carmen Pardo, secretaria xeral de Turismo da Xunta de Galicia, recibe unha homenaxe do Concello en agradecemento pola súa implicación e dedicación na consecución da declaración da Feira do Cocido como Festa de Interese Turístico Nacional.

Durante este acto, **o Concello presenta a campaña** de promoción turística "**Descobre a súa vida interior**". O alcalde José Crespo manifesta a súa aposta por converter o turismo no terceiro pilar da economía local.

O protagonista da actividade cultural deste 2011 será Xosé Neira Vilas

En febreiro Xosé Neira Vilas é nomeado Comendador da Feira do Cocido. Entre o 12 e o 16 de decembro lévanse a cabo os actos de homenaxe polo **cincuentenario da publicación "Memorias dun neno labrego"**. Ademais dunha exposición conmemorativa da efeméride e un ciclo de conferencias sobre a súa vida e obra, **o Concello inaugura a rúa "Memorias dun neno labrego" como recoñecemento ao autor** e ao protagonista da súa obra, como referentes da historia da comarca e a vida da súa xente.



Neira Vilas asinando no Libro de Honras do Concello



Recoñecemento a Neira Vilas



Inauguración rúa Memorias dun neno labrego



Inauguración das obras de remodelación da Praza de Abastos

dous mil doce

TEMPO DE RENOVACIÓN E LEMBRANZAS

O ano 2012 foi un período de contrastes para Lalín, debatido entre efemérides que celebraron a rica tradición do municipio e perdas que marcaron a súa historia, deixando unha pegada indeleble

O ano comezou cunha **nova cara para a vila**, coa **inauguración das obras da remodelación integral da Praza de Abastos** en marzo. Esta obra revitalizou o centro neurálxico da vida diaria dos lalinenses. Sumouse a isto **a inauguración das obras de humanización de accesos e contorno do Santuario da Virxe do Corpiño**, o 22 de xuño, conformando os dous fitos máis importantes deste ano en materia de urbanismo.



Obras de remodelación do entorno do Santuario do Corpiño



Inauguración das obras de remodelación do Santuario da Virxe do Corpiño




Presentación do viveiro de empresas

En xuño tamén se levou a cabo a **presentación dun viveiro de empresas no polígono industrial Lalín 2000**, que sería inaugurado en febreiro do 2016. Este proxecto conxunto entre o Concello de Lalín, a Deputación de Pontevedra e a Fundación Incyde pretendía acoller novos proxectos de emprendedores na capital dezana para mellorar o tecido empresarial local.

A proxección de Lalín a nivel nacional consolidouse grazas, en parte, a **Manuel Villanueva**, director xeral de contidos de Telecinco, quen no mes de xullo **foi homenaxeado polo seu importante papel na difusión da Feira do Cocido**. De feito, en outubro, foi **premiada coa Antena de Ouro da Federación de Asociacións de Radio e Televisión de España** pola súa labor de difusión e promoción nos medios.



Recoñecemento a Manuel Villanueva



Un momento da homenaxe a Manuel Villanueva



A Feira do Cocido é premiada coa Antena de Ouro



María Cruz Otero, filla de Laxeiro doa a obra "Maruxiña" ao Museo Municipal

No eido cultural, cabe salientar a **doazón da obra "Maruxiña" de Laxeiro ao Museo Municipal**, por parte de María Cruz Otero, filla do artista. Esta doazón enriqueceu notablemente o patrimonio cultural de Lalín, que en total sumaba unha trintena de obras de Laxeiro.

Porén, a alegría destes eventos viuse afectada pola perda de dous dos seus fillos máis ilustres: **Alfonso Sucasas e Paco Lareo, dous artistas polifacéticos que deixaron unha profunda pegada en Lalín e en toda Galicia.**

Sucasas, un referente da pintura galega contemporánea, foi homenaxeado polo municipio, que decretou dous días de loito oficial. O falecemento de Lareo, o 13 de outubro, amigo de Lalín, da Feira do Cocido e creador do Testiño, tamén foi profundamente sentido pola súa comunidade.

O ano 2012 quedará na memoria de Lalín como un período de crecemento e renovación, mais tamén de reflexión sobre o legado artístico e cultural que define a identidade desta vila.



Retrato de Alfonso Sucasas no seu taller



Crespo e Lareo

dous mil trece

**UN NODO DE CONVERXENCIA
ENTRE ARQUEOLOXÍA E TECNOLOXÍA**

O novo concello, bautizado como o Castro Tecnolóxico, erguíase imponente, mesturando o pasado castrexo cun futuro de ciencia ficción que captou a atención de toda a cidadanía coa súa inauguración

Chegou o 2013 e con ela unha revolución arquitectónica. Tras sete anos desde a súa concepción e superando numerosos obstáculos durante a súa construción, **o venres 20 de setembro de 2013**, coincidindo coas festas patronais, **inaugurouse oficialmente o Castro Tecnolóxico.**





Inauguración da nova casa consistorial

En novembro dese mesmo ano, **a Casa do Concello de Lalín foi galardoada na XII BEAU** (Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo) **como unha das quince mellores obras do país.** Desde a súa inauguración, o Castro Tecnolóxico ten acadado numerosos recoñecementos e distincións a nivel nacional e internacional, converténdose nunha das iconas do concello de Lalín e nun punto de atracción e interese a nivel mundial.



Gala da XII Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo

Os logros de 2013 non se limitaron á arquitectura

O impulso por valorizar o patrimonio reforzouse o 1 de agosto co acordo plenario para ceder espazos á Deputación, co obxectivo de establecer o **Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico da Cultura Castrexa**, un proxecto que promete afondar na rica historia da rexión.

Paralelamente, a finais de xullo, **a visita do director xeral da Garda Civil avanzaba a creación dun Posto Principal para Lalín**.

A nivel local, Lalín tamén destacou no ámbito deportivo e laboral. Ademais de acoller a saída da **Volta Ciclista a España** o 27 de agosto, o Concello logrou a concesión do **obradoiro de emprego “Agrolalín”** en outubro, o que permitiu mellorar as infraestruturas da zona de Liñares e xerar emprego.



Volta Ciclista a España 2013

dous mil catorce

O MUNICIPIO COLLEITA OS FROITOS DO SEU TRABALLO



15 anos do Plan Xeral de Ordenación Municipal

O ano que vén de rematar foi testemuña dun crecemento exponencial en Lalín

A inauguración da nova casa consistorial transformou por completo a fisionomía da vila, convertendo o Regueiriño no corazón de Lalín. Iniciándose así un período cargado de acontecementos relevantes para o concello.

Cúmprense 15 anos do PXOM

En febreiro, **Lalín vestiuse de gala** por diversos motivos. O día 5 cumprían 15 anos do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Para conmemorar este fito histórico, o alcalde, José Crespo, e o concelleiro de Urbanismo, Román Rodríguez, celebraron un encontro cos medios no que presentaron un libro conmemorativo. Este tomo, no que colaboraron expertos en arquitectura e xeografía, salienta o crecemento do municipio durante estes tres lustros.

Ademais desta celebración, **Lalín acolleu a XLVI Feira do Cocido**. O 23 de febreiro, coincidindo con este evento, o **Concello brindou unha recepción especial ao cocifeiro lalinense Diego López, de “La Molinera”, quen foi elixido ese mesmo día como Cocifeiro Galego do Ano no Fórum Gastronómico**.

Así mesmo, inaugurouse a **exposición “23-F-1908/23-F-2014”, cedida pola familia alcalde Varela, con motivo do 106 aniversario do nacemento de Laxeiro**.

A actividade institucional e empresarial non se detivo. En marzo púxose en marcha, no edificio da Aula da UNED, o **Centro Provincial de Asesoramento Empresarial** para as Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes. Tamén **comezaron as obras de construción do novo Laboratorio de Mouriscade**, que entrará en funcionamento en outubro de 2015. A modernización administrativa foi unha prioridade, coa implementación do expediente dixital e a aprobación de comunicacións previas de obras.

Maio foi un mes de adxudicacións importantes. **Asignáronse as obras do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico da Cultura Castrexa** en Liñares e **as melloras de seguridade viaria na EP-6004 Prado-Vilatuxe**.



Posta en marcha do expediente dixital



Inauguración do Pazo de Liñares

Inauguración do Pazo de Liñares

O segundo semestre do ano estivo marcado pola inauguración do Pazo de Liñares, un **evento de gran relevancia que contou coa presenza de altas autoridades** como o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a ministra Ana Pastor. O Pazo de Liñares tamén recibiría, en outubro, a visita do ex ministro José Blanco.



Momento na inauguración do Pazo de Liñares



Acto do nomeamento do Matemático Rodríguez como Fillo Predilecto

Este frutífero ano concluíu coa **presentación do proxecto da nova Biblioteca Municipal**, que sería inaugurada en decembro de 2016, e co recoñecemento á traxectoria do **Matemático Rodríguez, que foi nomeado Fillo Predilecto** nun acto celebrado na parroquia de Bermés o 31 de decembro.




Presentación do proxecto da nova Biblioteca Municipal

dous mil quince

O CAMBIO COMO PARTE DO PROCESO

O ano 2015 trouxo consigo importantes transformacións para Lalín. A localidade centrouse en mellorar as súas infraestruturas, iniciando as obras da nova biblioteca e avanzando nas do viveiro de empresas, proxectos que prometían dinamizar a vida cultural e empresarial do concello.

No ámbito da saúde, déronse pasos significativos. En febreiro, **Crespo e Rocío Mosquera**, conselleira de Sanidade, asinaron un convenio para a redacción do anteproxecto do **Centro de Atención Residencial (CAR)**, respondendo a unha crecente necesidade da poboación. Así mesmo, o Dr. José Ramón González Juanatey, xefe de Cardioloxía do CHUS, lembrounos a importancia de coidar a saúde a través da alimentación cunha charla no Museo Municipal sobre os beneficios da dieta atlántica.



Nova oficina do DNI e pasaporte

A localidade tamén deu un paso máis fortalecendo a investigación e o desenvolvemento local, coa **inauguración do novo laboratorio de Mouriscade** en marzo. Nese mesmo mes, organizáronse **xornadas de portas abertas en Castro Deza** e inaugurouse o **Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico**, iniciativas que puxeron en valor o rico patrimonio histórico e cultural do municipio.

Un dos logros máis destacados do ano foi a **apertura da nova oficina do DNI e pasaporte** da Policía Nacional no Castro Tecnolóxico, un servizo, froito das xestións do alcalde, que facilitou significativamente a vida dos veciños de Lalín, aforrando desprazamentos, tempo e custos á veciñanza.



Visita as obras do viveiro de empresas



Visita as obras da nova biblioteca



Inauguración do novo laboratorio de Mouriscade



Sinatura do convenio do anteprojecto do CAR



Xornadas de portas abertas en Castro Deza



Toma de posesión de Román Rodríguez como conselleiro

A vida política local tamén experimentou cambios moi significativos durante este ano

En febreiro, **Román Rodríguez**, tras ser designado **conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Galicia**, abandonou o seu posto no Concello con sentimentos encontrados de pena e ilusión para asumir as súas novas responsabilidades. O 26 de febreiro, realizou a súa primeira visita a Lalín como conselleiro, deixando claro que non esquecería as súas raíces.

O cambio máis radical produciuse o 24 de maio tras as eleccións municipais. Despois de case 25 anos como alcalde, **José Crespo perdeu a maioría absoluta e, por conseguinte, a Alcaldía. Rafael Cuiña tomou posesión do novo mandato** á fronte dun cuatripartito, marcando o inicio dunha nova era política para Lalín.



Toma de posesión de Rafael Cuiña, ano 2015. Fonte: Bernabé

dous mil dezaseis

LALÍN TIÑA QUE CONTINUAR

Un dos feitos máis salientables deste ano foi o **recoñecemento oficial do Camiño de Inverno** polo Parlamento de Galicia.

Esta antiga ruta de peregrinación, a única que atravesa as catro provincias galegas, converteuse nun novo atractivo turístico para Lalín. A súa inclusión na rede oficial de camiños xacobeos ampliou a visibilidade do municipio e supuxo un impulso para o sector turístico local, abrindo novas posibilidades de desenvolvemento económico.



Reunión Camiño de Inverno

En liña con esta aposta polo crecemento, **en febreiro de 2016 inaugurouse o viveiro de empresas de Lalín**, coa finalidade de facilitar a creación e o desenvolvemento de proxectos dos novos emprendedores locais. Un edificio de dúas alturas, situado no parque empresarial Lalín 2000, que acolle cinco oficinas, dúas naves e un amplo espazo para o *coworking*. Esta iniciativa demostrou o compromiso do Concello co fomento do emprendemento e a innovación empresarial.

O impulso ao desenvolvemento local viuse reforzado en outubro de 2016 coa **aprobación da EDUSI Suma 21**, unha iniciativa financiada pola Unión Europea que se converteu nun fito para Lalín. **Este ambicioso proxecto, que fora encargado a principios do ano 2015** e que debería executarse nun prazo de cinco anos, **permitiu ao Concello acometer numerosas accións destinadas a mellorar a calidade de vida dos seus habitantes** e a fortalecer o tecido económico local.

As principais liñas da EDUSI Suma 21 abranguían desde a modernización da administración electrónica e a implantación da identidade dixital para os cidadáns, ata a rehabilitación do centro histórico e a promoción do comercio local. Ademais, impulsáronse medidas para fomentar a eficiencia enerxética, crear novas infraestruturas educativas e deportivas, e desenvolver accións de inclusión social.

A aposta polo deporte tamén foi unha constante destes anos.

O 24 de xullo celebrouse a **primeira edición da Lalín Bike Race**, un evento que naceu grazas ao esforzo conxunto do Club Ciclista Montes do Deza, Extol-A Gramola Team e o Concello de Lalín. Esta proba non tardou en consolidarse como unha das carreiras máis prestixiosas do calendario nacional, contribuíndo non só á promoción do deporte, senón tamén ao impulso do turismo na zona.



Lalín Bike Race

dous mil dezasete

RECUPERANDO O SENTIDO HISTÓRICO

Nos últimos anos, **Lalín demostrou ter un profundo compromiso coa preservación do seu rico valor histórico.** A variedade de proxectos realizados en Lalín son unha testemuña da riqueza e diversidade do seu patrimonio.

No ano 2017, **grazas a un investimento conxunto da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e o propio Concello, leváronse a cabo diversas obras de restauración e rehabilitación en monumentos e xacementos arqueolóxicos de gran valor.**

Esta aposta polo patrimonio non só contribuíu á conservación da historia local, senón que tamén reforzou o atractivo turístico do municipio, en sinerxía co recoñecemento do Camiño de Inverno logrado o ano anterior.

A posta en marcha da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI), financiada con fondos europeos, **permitiu dar un paso máis aló na recuperación e posta en valor do legado histórico de Lalín.** A mellora do entorno da **igreja de Lalín de Arriba** foi un dos primeiros pasos desta ambiciosa iniciativa, unha actuación que serviu como punto de partida para unha serie de intervencións en todo o municipio que non se limitaron ao casco urbano.

A lo largo do ano, realizáronse diversas actuacións en monumentos de gran valor histórico, como a **igreja de Santa Baia de Palio, a igrexa de Santa María de Donramiro e a igrexa San Lourenzo de Vilatuxe,** onde se executou un proxecto de rehabilitación integral do tellado.

O patrimonio arqueolóxico tamén foi obxecto de atención.

A intervención nas Mámoas de Alperíz, permitiron a recuperación dos túmulos dolménicos da “Cruz” e o “Altar do Sol”.

Nesta mesma liña de recuperación histórica, no **Castro de Doade** realizouse outra actuación arqueolóxica en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. Este proxecto non só contribuíu ao coñecemento da historia antiga de Lalín, senón que tamén reforzou os vínculos entre o municipio e o mundo académico.

Por último, por medio doutro convenio dos Concellos de Lalín e Agolada, coa participación do GRD Pontevedra Norte e con recursos europeos do FEDER, **iniciábase neste ano 2017 o proxecto de rehabilitación da Ponte dos Cabalos sobre o Arnego** que concluíría tres anos despois.



Recuperación dos túmulos dolménicos "Altar do Sol-Alperiz"

dous mil dezaoto

VODAS DE OURO DO COCIDO

No ano 2018, a **Feira do Cocido de Lalín celebraba o seu 50 aniversario**. Esta edición merecía, polo tanto, un evento cunha programación especial que estivese a altura. **Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega, foi o elixido para pronunciar o pregón**, unha escolla que subliñaba a relevancia cultural do evento máis aló do ámbito puramente gastronómico.

Para o cartel desta edición especial, **optouse por unha obra do recoñecido pintor Laxeiro**. Por outro lado, **este ano tamén se realizou unha peza audiovisual adicada aos “50 anos da Feira do Cocido”**. Un documental que non só serviu para repasar a historia deste evento gastronómico, senón que tamén permitiu proxectar a imaxe de Lalín como un referente gastronómico e cultural.



Presentación do cartel 50 anos Feira do Cocido

A **VIII Exposición EmporcArte**, que xa se convertera nun evento cultural destacado dentro da programación da Feira do Cocido, adquiriu un significado especial nesta edición do 50 aniversario.

Entre as obras expostas, destacou especialmente **un cadro do pintor Carlos Santos que retrataba a todos os pregoeiros que tivera a Feira nos seus cincuenta anos de existencia.**



Pregoeiros dos 50 anos do cocido. Cadro do pintor Carlos Santos



Rafael Cuiña, e o edil de Urbanismo, Nicolás González, na nova rotonda de Donamiro



Restauración do monumento a Loriga na Praza da Torre e Loriga



Humanización da Praza da Torre e Loriga

A **humanización da Praza da Torre e Loriga**, transformándoa nun espazo verde e peonil, e a construción da **rotonda de Donamiro**, que mellorou notablemente a fluidez do tráfico na confluencia da Avenida de Madrid e da Avenida Xosé Cuiña, foron algunhas das actuacións máis destacadas acometidas polo goberno municipal no mandato 2015-2019.

Estas obras non só modificaron o aspecto do municipio, senón que tamén contribuíron a mellorar a calidade de vida dos veciños, ao crear zonas máis amables e seguras para o paseo e o lecer.

Ademais destas actuacións, **o inicio do proxecto de rehabilitación da Ponte dos Cabalos sobre o río Arnego**, monumento do ano 970 que é testemuña da historia do Deza, supuxo un paso fundamental para recuperar un elemento patrimonial único, poñendo en valor tanto a ponte coma a súa contorna. A rehabilitación completouse con éxito no ano 2020, recuperando así un dos elementos máis emblemáticos do patrimonio histórico da comarca.



Ponte dos Cabalos tras a rehabilitación

dous mil dezanove

RECUPERANDO O ALENTO

O ano 2019 foi un período de significativa transformación para o Concello de Lalín, marcado por cambios políticos, iniciativas culturais e importantes proxectos de desenvolvemento urbano e social

Cambio na Alcaldía e primeiras accións

O 26 de maio de 2019, produciuse un xiro político no municipio coa **vitoria electoral de José Crespo, quen recuperou a Alcaldía de Lalín cun apoio de 11 concelleiros**. Este resultado electoral abriu unha nova etapa na xestión municipal, que se oficializou o 15 de xuño co pleno de constitución da nova corporación.

Desde os primeiros días do seu mandato, o novo goberno municipal non perdeu tempo e iniciou unha serie de xestións cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. **O obxectivo era claro: activar proxectos pendentes de gran importancia para o municipio**. Entre estes proxectos destacaban o **Centro Integral de Saúde (CIS), a reforma do pavillón “Manuel Anxo Cortizo”, a ampliación do Polígono Industrial, a construción dun novo edificio para Medio Rural e a apertura dun centro de diálise**, entre outros. Estas xestións demostraron a determinación do novo equipo de goberno por impulsar o desenvolvemento de Lalín en múltiples fronteas.





Toma de posesión de José Crespo ano 2019. Fonte: Bernabé



Reunión do goberno coa directiva do conservatorio

No eido cultural e educativo, unha das primeiras accións do novo goberno foi solucionar a falta de profesorado de trompa e trompeta no conservatorio. Esta medida, adoptada nos primeiros meses de mandato, non só resolveu unha carencia inmediata, senón que tamén serviu como punto de partida para potenciar o conservatorio como un centro referente de ensinanza musical regrada na comarca.

A aposta pola cultura manifestouse tamén noutras iniciativas.

En agosto, **celebrouse a Romaría Interxeracional**, un evento que buscaba fomentar o intercambio e a convivencia entre diferentes xeracións de veciños de Lalín.



Romaría Interxeracional



Reunión cos Bandas

A finais de outubro, o goberno municipal tomou unha decisión que tería un impacto significativo no tecido cultural local: **asentouse o maior apoio económico ás bandas de música lalinenses, cun orzamento anual de arredor de 100.000 euros.** Esta medida demostraba o compromiso do Concello co fomento e a preservación da rica tradición musical de Lalín.



Vista aérea do Concello de Lalín. Fonte: Bernabé

No ámbito urbanístico, agosto trouxo consigo unha acción simbólica pero significativa: a retirada da cancela da rúa Principal. Esta medida buscaba mellorar a accesibilidade e a estética dunha das rúas máis emblemáticas do centro urbano.

En setembro, **iniciouse unha importante escavación arqueolóxica nas obras de rehabilitación** do núcleo cultural e patrimonial de **Lalín de Arriba**. Esta actuación, enmarcada dentro da (EDUSI), non só buscaba preservar e poñer en valor o patrimonio histórico do municipio, senón tamén crear un novo foco de atracción cultural e turística. Tamén en setembro, **presentouse o proxecto de remodelación da Avenida Xosé Cuiña no seu tramo sur**, unha intervención urbanística que buscaba mellorar unha das principais arterias do municipio.

Estas iniciativas, xunto co encontro mantido o 14 de outubro entre o alcalde **José Crespo e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo**, nunha **reunión de gran relevancia institucional no que se tratarían temas prioritarios para Lalín**, poñen de manifesto o dinamismo e a proxección de futuro do municipio, que busca volver a consolidarse como un referente na comarca.

No ámbito económico, o goberno municipal apostou pola **revitalización de Feiradeza**, un importante centro de actividade comercial e económica para a comarca que **buscaba dinamizar o tecido empresarial local e atraer novos investimentos á zona**.



Xoga Lalín

No eido deportivo, para os máis novos, o Concello puxo en marcha nos meses de xullo e agosto o programa “Xoga Lalín”, unha iniciativa de lecer estival que ofrecía diversas actividades lúdicas para a cativada durante as vacacións escolares.

Este ano Lalín tamén acolleu en novembro o **Campionato de España de Enduro**, que incluíu as modalidades de Especial Extrema, Cross Test e Enduro Test. Este evento non só **situou a Lalín no mapa do deporte de motor a nivel nacional**, senón que tamén supuxo un importante impulso para o turismo e a economía local.



Recibimento dos campións de Enduro no Concello de Lalín



O Nadal en Lalín



As Aldeas de Nadal

Para rematar o ano, en decembro lanzouse un proxecto que estaba chamado a converterse nun dos sinais de identidade do Nadal en Lalín: **as Aldeas de Nadal**.

Esta iniciativa, concibida como un proxecto singular e identitario, buscaba crear un atractivo turístico e comercial durante as festas de Nadal, ao tempo que se fomentaba a participación cidadá e se poñía en valor o patrimonio rural do municipio.




A década dos 2010 foi un crisol onde Lalín se forxou e renaceu. Despois de afrontar diversos desafíos, esta localidade amosou unha resiliencia admirable, superando obstáculos e emerxendo máis forte ca nunca. Esta capacidade de adaptarse e reinventarse impulsou numerosos proxectos innovadores que revitalizaron o seu tecido socioeconómico.

















O ano 2019 marcou o clímax deste ciclo de transformación, consolidando os logros alcanzados e proxectando a Lalín cara un futuro cheo de oportunidades e desenvolvemento, abrindo camiño a un porvir aínda máis prometedor.
















2020

2023



Anos
de crescimento
e resiliência





2020

2023


Anos de crecemento e resiliencia

Adiantando un futuro máis prometedor

A comezos da década de 2020, tras anos de axustes e sacrificios, a economía española e, por tanto, a galega, amosaba os primeiros signos de recuperación.

A sociedade comezaba a albiscar un futuro máis prometedor. Sen embargo, a irrupción dunha pandemia mundial sen precedentes mergullou a sociedade nunha nova incerteza. A economía viuse bruscamente golpeada. O confinamento e as medidas adoptadas provocaron unha contracción económica sen igual.

As consecuencias sentíronse especialmente en sectores como o turismo, a hostalaría e a industria cunha forte caída da demanda, o que supuxo o peche de moitos negocios. Ademais dos efectos económicos, a pandemia xerou unha profunda crise sanitaria e social, provocando medo, incerteza e illamento.



A crise sanitaria puxo de manifesto a importancia vital das conexións humanas. As restricións de mobilidade e as medidas de distanciamento social transformaron radicalmente as nosas vidas e puxeron a proba a nosa capacidade de adaptación ao ter que reconfigurar as bases da nosa sociedade, a nosa economía e as nosas relacións. A pandemia acelerou a transformación dixital, impulsando o teletraballo, a educación a distancia e o comercio dixital.

Que sucedía por aquel entón en Lalín?

Lalín, como tantos outros municipios galegos, experimentou grandes cambios coa chegada da pandemia.

O sector turístico, un dos piares económicos de Galicia, viuse duramente golpeado polas restricións e o peche de fronteiras. O confinamento e as medidas adoptadas tiveron un impacto significativo na hostalaría e o comercio, sectores que tiveron que enfrontar retos como a implantación de protocolos sanitarios, a redución de aforo e a adaptación a novas formas de consumo.

A caída da demanda e o peche de numerosos establecementos provocaron unha contracción económica no municipio, afectando especialmente aos empregos e á vida cotiá da veciñanza.

Non obstante, a pandemia acelerou novas tendencias nos hábitos dos viaxeiros, priorizando destinos próximos e menos masificados. O turismo rural, presente en Lalín, viuse favorecido por esta nova corrente, aínda que tamén enfrontou desafíos relacionados coa xestión da demanda e a seguridade sanitaria. A pesar das dificultades, a crise tamén xerou oportunidades para fortalecer o comercio local, impulsar a dixitalización dos negocios e pemes e desenvolver novos produtos turísticos.



dous mil vinte

UN GRAN RETO PARA A XESTIÓN MUNICIPAL

Feira do Cocido, Festa de Interese Turístico Internacional

O 2020 comezou con bo pé para Lalín no ámbito cultural e turístico. Lalín estreou o ano cun fito histórico: o 16 de xaneiro, a Feira do Cocido foi recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional, converténdose na **primeira celebración gastronómica de España en lograr tal distinción.**

Este éxito, precedido pola inauguración da **exposición de Maruja Mallo e Luís Seoane**, enmarcada **nos actos da Feira do Cocido** que este ano contaba con **Sonsoles Ónega como pregoeira**, auguraba un ano de esplendor cultural e turístico.



*Sonsoles Ónega pregoeira da LII Feira do Cocido no 2020,
ano no que foi recoñecida Festa de Interese Turístico Internacional*



Sen embargo, **a chegada da pandemia da COVID-19 supuxo un xiro inesperado, que puxo a proba a capacidade de adaptación e xestión do Concello** ante unha situación inédita e complexa. Lalín respondeu con determinación.

Creouse unha **comisión sanitaria e implantáronse medidas de apoio económico**, destinando 750.000 euros en axudas a PEMES, autónomos, comercio e hostalería.

Tamén se puxeron en marcha microcréditos e redobráronse os esforzos no ámbito social para atender as necesidades da poboación durante a crise. Lalín demostrou, unha vez máis, a resiliencia dun municipio que se mantivo unida para superar as adversidades.



Desinfeccións das farmacias durante a Covid



Malla Doade recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia

Malia os desafíos impostos, Lalín non deixou de mirar cara ao futuro e logrou importantes avances ao longo do ano.

En febreiro, **o Concello obtivo unha subvención de 6,7 millóns de euros para a renovación integral da iluminación pública do municipio**. Neste mesmo mes, **a Romaría do Corpiño foi recoñecida Festa de Interese Turístico de Galicia**, un recoñecemento que tamén obtería a **Festa da Malla Tradicional de Doade** en maio.

A promoción turística continuou, xa durante o verán, coa **potenciación da marca “Lalín Sabe”**, cun vídeo protagonizado polo actor Luis Zahera. Paralelamente a este fito sumouse a conclusión da rehabilitación emblemática Ponte dos Cabalos, unha obra fundamental para revitalizar o patrimonio lalinense.



Protección Civil na Festa do Corpiño, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia

No outono ampliáronse os servizos sanitarios do municipio que contará cun **novo servizo de hemodiálise coa apertura do centro da Fundación Renal.**



Apertura do centro de hemodiálise da Fundación Renal

O ano concluíu coa **licitación das obras do Centro Integral de Saúde (CIS)** por preto de 9 millóns de euros, un proxecto que prometía marcar o rumbo dos vindeiros anos.



Licitación das obras do Centro de Integral de Saúde de Lalín

dous mil vinte un

UN ANO DE INVESTIMENTOS E CULTURA

Un ano sementando o futuro con importantes investimentos en educación e cultura, que resultaron ser os grandes protagonistas

A educación e a cultura lideraron os investimentos, o ano comezou co anuncio, por parte do conselleiro de Educación, dunha partida de **600.000 euros para a rehabilitación integral do CEIP de Prado.**

A primavera trouxo consigo a inauguración da **exposición dedicada a Alfonso Sucasas** e a colocación da **primeira pedra do CIS Lalín - Comarca de Deza**, un complexo sanitario de máis de 5.000 metros cadrados, con máis recursos e servizos, que prometía transformar a atención social na comarca.



Presentación e colocación da primeira pedra do CIS Lalín - Deza

A cultura gañou espazo

En agosto inaugurouse o Museo da Marioneta no Pazo de Liñares e a Aula da UNED de Lalín volveu a abrir as súas portas para iniciar o curso 2021-2022. En outubro celebrouse un emotivo acto de homenaxe á Garda Civil e tamén se levou a cabo unha iniciativa de galeguización de lápidas, reflectindo o compromiso do Concello coa identidade galega.



Inauguración da exposición Alfonso Sucasas



Visita ás obras de rehabilitación integral CEIP "Xoaquín Loriga" de Prado



Acto de galeguización de lápidas



Humanización Lalín de Arriba enmarcada nas actuacións da EDUSI

No eido das infraestruturas, a principios de novembro, **Lalín presentou o innovador proxecto “A Fraga do Alén”**, para a ampliación do Cemiterio Municipal da Romea, un espazo que prometía ser tanto un lugar de descanso como un parque para o lecer dos lalinenses, no que o Concello obtivo a máxima subvención do programa Reacpon: 1,35 millóns de euros.

Este ano tamén chegarían novidades para unha das principais vías de comunicación da comarca, xa que **a Xunta de Galicia presentaría aos alcaldes un estudo de bonificacións para a AP-53.**

O ano despediuse mirando cara ao futuro, con dúas novas destacadas que marcaron o final do ano.

Por un lado, o día 3 de decembro, concluíron as obras de **rehabilitación da área** urbana de interese cultural e patrimonial de **Lalín de Arriba** (EDUSI), coa celebración dunhas xornadas informativas para a veciñanza. E por outra banda, o ano concluíu con Laxeiro como protagonista coa **presentación do catálogo da XV Bienal Pintor Laxeiro e a presentación da programación do Ano Laxeiriano 2022**, en colaboración coa Xunta e a Real Academia de Belas Artes, anticipando un ano cheo de actividades culturais.



Presentación da programación do Ano Laxeiriano 2022



Sinatura coa presidenta da Deputación do convenio do novo cemiterio "Fraga do Alén"

dous mil vinte dous

LALÍN VOLTA A NORMALIDADE

***Lalín recobra o pulso vital.
O municipio entrou con forza nun ano,
de intensa actividade, que se caracterizaría
por estar cheo de avances, proxectos e eventos.***

A **posta en marcha da Aula Sénior** en colaboración con ATEGAL e a **sinatura do convenio para o novo cemiterio "Fraga do Alén"**, marcaron o inicio do ano.

En febreiro **concluía o proceso de humanización das rúas Principal e Loriga**, transformando o centro urbano nun espazo máis acolledor para os peóns.

Ese mesmo mes, **o goberno lalinense tamén afronta unha remodelación** coa saída de María Álvarez e Eva Montoto e a entrada de **Pablo Areán e Carmen Canda**.

A primavera trouxo consigo **grandes novas no eido cultural e gastronómico**, ámbitos nos que Lalín continuou destacando, logrando abrir novas perspectivas para o turismo.

A campaña de promoción da Vía da Prata en marzo, en colaboración coa Xunta, situou a localidade como un destino atractivo para os amantes da historia e a cultura. A **exposición sobre Laxeiro “Foi un home”** tivo lugar en Lalín, no mes de abril, e na Real Academia das Artes de San Fernando en Madrid, **proxectando a figura do pintor lalinense a nivel nacional**.

Inauguración da exposición Foi un home, en Lalín. Abril de 2022



A Feira do Cocido ampliou a súa oferta creando, en abril, a **I Feira Apícola Alvariza**, e tamén a súa visibilidade, co **festival gastronómico “Os Cocidos do Camiño”** en maio, consolidando a Lalín como referente culinario.

Este ano celebrouse tamén no mes de novembro o **I Foro Camiños Gastronómicos**, que abriu novas perspectivas para o turismo gastronómico na zona.



Primeira Feira Apícola Alvariza



Presentación do I festival gastronómico “Os Camiños do Cocido”

O 21 de abril tivo lugar a **presentación do libro da Feira do Cocido**, realizado **por Daniel González Alén**. O seu posterior nomeamento, o 9 de setembro, como primeiro **Cronista Oficial da historia de Lalín** subliñou o compromiso do Concello coa preservación e difusión da súa historia.



Presentación de Daniel González Alén como primeiro Cronista Oficial da historia de Lalín

A nivel internacional, **o alcalde realizou**, en maio, **unha viaxe privada a Buenos Aires para inaugurar o Paseo Lalín en Chascomús**, dedicado ao noso pobo no marco dos actos do 243 aniversario da Fundación Chascomús. Fortalecíanse así os lazos culturais con Argentina e a imaxe de Lalín a nivel global. A esta viaxe tamén asistiu o ex alcalde, Rafael Cuiña.

O deporte tamén tivo un papel destacado en maio de 2022, con Lalín acollendo dous eventos de renome como o **Campionato de España de BTT XCUM e o Campionato do Mundo de Enduro**.



Inauguración do paseo de Lalín en Chascomús



Paseo de Lalín en Chascomús, Buenos Aires



Descubrimento do cadro de Carlos Santos na presentación de "Laxeiro, sempre Laxeiro"



Educación anuncia 1,3 millóns de euros nunha central de biomasa

Xuño e xullo foron dous meses marcados por un intenso ritmo e actividade no concello. En concreto, durante estes dous meses: **Lalín acadou a certificación internacional en xestión antifraude**, situando o Castro Tecnolóxico como referente en seguridade; e a **Comisión da Covid obtivo o seu merecido recoñecemento**. **Presentouse o documental "Laxeiro, sempre Laxeiro"**, realizado polo produtor lalinense Emilio J. Fernández, nun acto que rematou co descubrimento dun cadro de grandes dimensións, obra de Carlos Santos, en honor ao ilustre pintor lalinense.

Durante estes meses Lalín tamén elaborou o seu **proxecto de Axenda Urbana**; o **Fillo Adoptivo de Lalín, Fernando Ónega, doou 2.500 libros á biblioteca**; a **Consellería de Educación anunciou 1,3 millóns de euros para unha central de biomasa** que dará servizo tamén a varios centros educativos de Lalín; **levouse a cabo a presentación do proxecto da rúa Areal á veciñanza**; **rendeuse homenaxe a Manuel Sánchez Ledo "Manolito"** polo primeiro cabodano; **despedimos a Jesús Cuñarro como xefe da Policía tras 38 anos de traballo**; e, finalmente, **Crespo e o Concello concederon a Rafael Abeledo a Medalla de Ouro de Lalín**.



Recoñecemento a comisión da Covid



Homenaxe a Manuel Sánchez Ledo



Medalla de Ouro de Lalín a Rafael Abeledo



Renovación integral lumínica

Ao longo do ano, tamén se asinaron **importantes licitacións incluíndo a do edificio sociocultural da rúa Manuel Rivero e as obras do tanque de tormentas.**

A **renovación integral lumínica en todo o concello, con tecnoloxía LED**, foi rematada en agosto, mes no que tamén se inaugurou a remodelación do Estadio Manuel Anxo Cortizo.

O desenvolvemento económico non quedou atrás. **O proxecto coworking O Deza**, desenvolvido en colaboración coa Xunta, **deu pulo aos emprendedores locais.** Paralelamente a implantación do **estacionamento gratuito 24 horas**, as **prazas de aparcamento específicas diante de farmacias e a concesión da licenza de obra a Mercadona**, que prometía crear 80 postos de traballo, **foron pasos importantes para dinamizar a economía local.**

O mes de outubro foi clave para Lalín en materia de investimentos. O conselleiro do **Medio Rural** anunciou unha **importante inxección económica para mellorar diversas infraestruturas**, destacando a **renovación do edificio de Servizos Integrados**, licitación que se obtería no ano seguinte. Tamén se anunciaron a **modernización da base de helicópteros e a reforma da nave de Medio Rural** no polígono de Botos.



O conselleiro do Medio Rural anunciando un importante investimento en Lalín

Por outra banda, a **Deputación fixo un valioso aporte** ao ceder ao Concello **o antigo laboratorio, a casona e as edificacións de Mouriscade**, ampliando o patrimonio de Lalín en 1,3 millóns de euros.

En decembro, a actividade institucional continuou coa visita da presidenta da Deputación ás obras de ampliación do cemiterio e o anuncio da **creación dun Punto de Encontro Familiar**, por parte da Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, un servizo esencial para moitas familias.

Desafortunadamente, o ano 2022 rematou cunha triste nova. Tres residentes de Lalín e unha persoa de Agolada faleceron nun accidente en Pedre o día de Nadal e o Concello declarou dous días de loito oficial en sinal de dó.



Infografía do edificio do Medio Rural

dous mil vinte tres

**SENTANDO AS BASES
DO LALÍN DO FUTURO**

Un ano de consolidación e proxección cara ao futuro para Lalín

No 2023 a vila logrou sentar as bases para construír o seu futuro, situándose á vangarda e consolidándose como un municipio dinámico e en constante evolución, con representación e influencia tanto a nivel autonómico como nacional.

Este ano caracterizouse por un forte impulso no desenvolvemento de infraestruturas e servizos para a comunidade.

Nos primeiros meses, realizouse unha **importante visita ao CIS coa conselleira de Infraestruturas**, instalación que meses despois percorrerían os veciños nunha visita guiada. Ademais, **instaláronse antenas parabólicas para mellorar a recepción da TDT en varias parroquias**, mellorando así a conectividade do municipio.

Os primeiros meses tamén trouxeron **melloras significativas nos servizos municipais**. Inaugurouse o Parque de Chascomús, **púxose en marcha a nova ITV agrícola en Maceira e presentouse o ambicioso proxecto da Gran Praza á veciñanza**.

As obras na Avenida Xosé Cuiña e a rehabilitación da Casa de Don Álvaro prometían unha renovación urbana que contribuirán á mellora do municipio.



Presentación do proxecto da Gran Praza á veciñanza



Nova ITV agrícola en Maceira



Sinatura do convenio para a rehabilitación da Casa de Don Álvaro

Outro momento destacado foi a **presentación á veciñanza do proxecto do centro social de Carragoso**, que se executará ao abeiro do PON2030, demostrando o compromiso coa renovación das infraestruturas sociais nas parroquias. As iniciativas sociais municipais tamén incluíron **axudas á mocidade para obter o carné de conducir**, evidenciando un compromiso co futuro do municipio. Tamén foi de grande importancia para a cidadanía a **posta en marcha dunha liña de autobús para os hospitais de Santiago**, unha xestión feita en resposta ás demandas do persoal sanitario local.

O compromiso cos cidadáns manifestouse tamén nas **reunións celebradas en outubro cos veciños das 52 parroquias, buscando fomentar así a participación cidadá na toma de decisións municipais**, e co inicio das charlas en centros educativos para chegar o proxecto de Axenda Urbana ás novas xeracións.



Infografía do centro social de Carragoso



Presentación do centro social de Carragoso á veciñanza



Nova liña de autobús para os hospitais de Santiago.



Lalín recibe o recoñecemento Starlight

O turismo recibiu un impulso significativo co **recoñecemento Starlight**, que abriu as portas ao **turismo astronómico**, e o **anuncio da construción dun *glamping* de 16 hectáreas**, que permitirá ofrecer unha nova experiencia de aloxamento na natureza.

Ademais, eventos de talle internacional como o **Campionato Mundial de Enduro GP** e a **IV edición do Clarinet Fest** colocaron a Lalín no **mapa dos grandes acontecementos**, fortalecendo a súa posición como destino cultural e deportivo.



Observacións Starlight

Crespo é reelixido novamente por maioría absoluta

Tras as eleccións municipais, nas que José Crespo logrou 12 concelleiros para seu quinto mandato, Lalín entrou nunha nova etapa política e a corporación comezou a traballar en novas iniciativas para o municipio.



Toma de posesión de José Crespo no ano 2003



Equipo de goberno 2023

Outro fito destacado, a nivel político, foi a **toma de posesión do alcalde José Crespo como Senador** o 17 de agosto, ampliando a representación e a voz de Lalín a nivel nacional. Nos meses de novembro e decembro, levouse a cabo o proceso de elección de pedáneos, reforzando esta figura de participación cidadá na xestión municipal.



Xuramento de Crespo ante o cargo como senador

Outro emotivo acto sucedía o 9 de maio, día no que o Concello de Lalín organizou unha **homenaxe ao músico lalinense Pachi** polos seus 58 anos encima dos escenarios.

O progreso en infraestruturas continuou coa **finalización das obras de humanización da Avenida Xosé Cuiña e a primeira fase dos Sauces**. Nos últimos meses do ano, **anunciáronse importantes investimentos para a ampliación do Polígono Lalín 2000 e a mellora de centros educativos**, como a ampliación do IES Ramón M^a Aller, sentando as bases para o crecemento do Lalín do futuro. As obras do tanque de tormentas, executadas xa ao 30%, tamén recibiron unha inxección económica para ampliar a depuradora, noticia anunciada pola conselleira de Infraestruturas en setembro.

Iniciativas como a **licitación dun contrato de eficiencia enerxética para edificios municipais e o arranque do obradoiro de emprego “Lalín Verde”** demostraron o compromiso coa sustentabilidade e o emprego local. Ademais, o 2 de decembro iniciouse a **licitación dos servizos Data Cloud Center**, un paso importante cara á dixitalización da administración local.

O ano pechouse con importantes avances en infraestruturas e servizos como a **aprobación provisional do Plan Especial para a ampliación da área deportiva Lalín-Arena**, a sinatura da compravenda de terreos para a Gran Praza e o acto simbólico de colocación da **primeira pedra do edificio de Servizos Integrados da Xunta**. O **edificio sociocultural da rúa Manuel Rivero**, financiado con fondos europeos no marco da EDUSI, tamén **viu rematada as súas obras proporcionando un novo espazo multifuncional**. En decembro, **completouse a primeira fase do cemiterio A Romea**, mellorando este importante servizo para a comunidade.

A inauguración das Aldeas de Nadal, que en novembro presentou o seu conto oficial **“Alma de Nadal”**, de autoría da escritora e docente Charo Golmar e ilustrado pola artista Olalla Garra, editado polo Concello mediante a colaboración da Xunta, puxo o broche final a un ano marcado polo crecemento, o progreso e a visión de futuro para Lalín.



Homenaxe a Pachi



Presentación do conto “Alma de Nadal”



Novo edifício sociocultural da rúa Manuel Riveiro

O mandato 2019-2023 foi un período de transformación significativa para Lalín. **Investíronse 7 millóns de euros en saneamentos, beneficiando a 50 aldeas, e outros 5 millóns na mellora da rede viaria, asfaltando máis de 150 pistas en todas as parroquias.**

Puxéronse en marcha proxectos clave como o Edificio de Servizos Integrados do Medio Rural, a Base de Unidades Operativas e Medios Aéreos contra incendios de Galicia e o taller mecanizado para vehículos de loita contra o lume. **Realizáronse 5 obradoiros de emprego cun investimento de 2 millóns de euros**, abarcando áreas como a conservación de montes, mantemento informático e actividades deportivas.


Durante estes anos, **a rehabilitación do patrimonio foi prioritaria.** Restauráronse 35 fontes e lavadoiros e instaláronse 400 paneis informativos en todas as aldeas. Ademais, retiráronse 350 toneladas de residuos e impulsouse a actividade física no rural co programa “Ximnasia no rural”, beneficiando a 300 persoas. A remodelación urbana incluíu a rehabilitación integral de varias rúas céntricas e melloras noutras vías do casco urbano.

O 3 de febreiro de 2024, ao cumprírense 30 anos do rexedor actual no cargo, reafirmouse o compromiso coa transformación continua do municipio.



2024
en adelante





LALÍN

ADIANTANDO
O FUTURO

dous mil vinte catro

ADIANTANDO O FUTURO

A dinámica transformadora de tantos anos continúa, no 2024, con importantes avances

Lalín conmemora no 2024, o bicentenario da partida dun dos seus fillos máis ilustres, José Rodríguez, coñecido tamén como “Matemático de Bermés” ou “**Matemático Rodríguez**”, foi escollido pola Real Academia Galega de Ciencias como **Científico Galego do Ano**, recoñecendo así a súa figura. A súa pegada permanece viva na vila lalinense, onde unha estatua homenaxea a súa memoria. A Xunta de Galicia, a RAGC e o Concello de Lalín organizaron diversas actividades, en Santiago, Lalín e Madrid, para honrar o legado deste pioneiro da ciencia que, dous séculos despois, segue a ser motivo de orgullo para a súa terra natal.



Busto do Matemático Rodríguez en Bermés



Presentación da placa do Matemático Rodríguez, na igrexa de San Agostiño



Exposición do Matemático Rodríguez na igrexa da USC, Santiago de Compostela



Celebración do día da Ciencia en Galicia, adicado ao Matemático Rodríguez

Os eventos continuaron. O 6 de xullo, Lalín celebrou a **inauguración das obras de ampliación do cemiterio da Romea**.

A Fraga do Alén, como se denomina o proxecto, é unha iniciativa innovadora que aúna deseño e funcionalidade nun espazo que serve tanto para o descanso como para o lecer dos lalinenses.

Unha ampliación que resultaba necesaria pola limitación de espazo do cemiterio orixinal, e para a que o Concello obtivo a máxima subvención do programa Reacpon: 1,35 millóns de euros.

Sen embargo, podemos dicir que os fitos máis salientables deste ano foron a concesión dunha **ambulancia de soporte vital avanzado (SVA)** e a **posta en servizo do Centro Integral de Saúde (CIS)**, un proxecto longamente agardado.

Estes logros, en materia de sanidade, subliñan a determinación do actual goberno por deixar un legado duradeiro, mellorando constantemente a calidade de vida dos cidadáns e os servizos públicos esenciais.



Acto de inauguración da Fraga do Alén

A concesión da nova ambulancia de soporte vital avanzado comezou a funcionar a pleno rendemento o 1 de xuño de 2024. Este novo recurso supón un avance importantísimo para Lalín xa que **permite asistir as urxencias e emerxencias sanitarias de toda a Comarca de Deza**, mellorando os tempos de asistencia e reforzando os recursos sanitarios de máis de 35.000 persoas.



Presentación da ambulancia de soporte vital avanzado (SVA)

dous mil vinte catro

Inauguración e posta en servizo do CIS

A inauguración do Centro Integral de Saúde de Lalín e Comarca de Deza é **un dos momentos máis relevantes nos últimos trinta anos para Lalín.**

Coa inauguración celebrada o xoves 10 de outubro, concluíu un camiño longo, desde que se presentou o proxecto. A nova infraestrutura sanitaria foi a primeira das prioridades para o goberno de Lalín a partir do 2019, pero isto non remata aquí: **o obxectivo do CIS é converterse, no futuro, nun hospital de día** facilitando á vida aos cidadáns quen nun prazo duns cantos anos só terán que desprazarse a Santiago para operarse.

Esta inauguración supuxo un evento de gran relevancia, presidido polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que contou coa presenza de altas autoridades, alcaldes e edís dezaos. Un día que resultou ser tamén moi especial para á veciñanza que acudiu o acto para festexar e percorrer ás instalacións que poderían estreir a partir do luns 14 de outubro.



Centro Integral de Saúde de Lalín - Comarca de Deza



CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE
DE LAÍN E COMARCA DE DEZA

XUNTA DE GALICIA
CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE
LAÍN - COMARCA DE DEZA

UNIÓN EUROPEA
FUNDAMENTO DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
FUNDAMENTO DE GALICIA



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, inaugura o CIS



José Crespo na inauguración do CIS



Visitas as instalacións do CIS

Desde o punto de vista de Sanidade, nunca tanto antes se fixera en Lalín. Nos últimos catro anos o centro de hemodiálise da Fundación Renal abriu as súas portas. Púxose en marcha a Hospitalización a Domicilio (HADO), comezou a funcionar a ambulancia de soporte vital avanzado e inaugurouse o CIS. **Catro fitos levados a cabo desde o 2019 que evidencian o compromiso do Goberno por acercar os servizos sanitarios a cidadanía**, garantindo unha sanidade de calidade, máis próxima e resolutiva situada á vangarda dos tempos e augurando un futuro prometedor para a comarca e os seus habitantes.



Foto de grupo de autoridades na inauguración do CIS



Á veciñanza asiste a inauguración do CIS

Edición:

Concello de Lalín

Deseño e maquetación:

Publignal, S.L.

Impreso en Galicia por:

Tórculo Edicións

Agradecementos:

La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Bernabé,
Cronista Oficial de Lalín: Daniel González Alén,
Xesús González Alén, Niko Alvarelos e Juan Carlos Asorey

Primeira edición:

Novembro 2024

Depósito Legal:

PO -

Prohibida a reprodución total ou parcial sen permiso escrito do editor



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal